

RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 29 DE XUÑO DE 2012:

Actas

1.-Toma de posesión do deputado do Bloque Nacionalista Galego, Don Adolfo Francisco Muíños Sánchez.

2.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 5/12, do 25 de maio.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 7.601 á nº 10.100, de 2012.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

4.-Aprobar o convenio co Concello de Boiro para financiar o Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2012.

5.-Aprobar o convenio co Concello de Ortigueira para financiar o Festival Internacional do Mundo Celta 2012.

6.- Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2012.

7.-Aprobar o convenio co Concello de Porto do Son para financiar o Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2012.

8.-Aprobar o convenio coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2012.

9.- Aprobar o convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar a VI fase do proxecto de publicación do inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña.

10.- Aprobar o convenio coa Asociación de Prensa da Coruña para financiar o proxecto Estudo do nome das rúas. Comarca de Bergantiños-Costa da Morte. Anualidade 2012.

11.- Aprobar o convenio coa Academia Galega de Ciencias para financiar o ciclo de conferencias “XV Avances en ciencia e tecnoloxía” durante o ano 2012.

12.- Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para financiar un ciclo de “Concertos de época” da Orquestra Sinfónica de Melide.

13.- Aprobar o convenio co Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para financiar o Programa de actividades culturais durante o ano 2012.

14.-Modificar o obxecto da subvención nominativa e convenio coa Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para financiar o ciclo de conferencias “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2012.

15.-Aprobar o convenio co Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte para financiar o proxecto Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2012.

16.-Aprobar o convenio coa Fundación Biblioteca Casa do Real Consulado para financiar a catalogación e informatización de fondos no ano 2012.

17.- Aprobar o convenio coa Fundación Paideia Galiza para a promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: “Programa Outra+Outra 2012”.

18.- Aprobar o convenio coa Fundación 10 de marzo para financiar o Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2012.

19.-Modificación do obxecto da subvención nominativa ao Concello de Ferrol para a realización do Ciclo de Jazz 2012 polo ciclo “A Música da Ilustración”.

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Medio Ambiente

20.-Aprobar o convenio co Concello de Camariñas para financiar a Feira do encaixe de Camariñas 2012.

21.-Aprobar a 1ª fase da anualidade 2012 do Programa de modernización dos mercados locais.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

22.-Aprobar a 5ª fase da anualidade 2012 do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

23.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento na zona rural de Beleicón e Mandiá” do Concello de Ferrol, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código 10.2100.0092.0.

24.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento e abastecemento anulación fosa séptica Guimaráns (Bugallido)” do Concello de Ames, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011. Código 11.2100.0003.0.

25.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Acondicionamento da praza Couso, Saneamento Traba e polideportivo S. Xusto” do Concello de Coristanco, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011 co código 11.2100.0065.0.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

26.-Modificar o acordo plenario número 8, de 30 de setembro de 2011, polo que se aproba o Plan de conservación de vías provinciais 2011, terceira fase, integrado polo proxecto: Reforzo do firme e mellora da seguridade viaria na DP 0807, DP 5811, DP 0904, DP 3201 e DP 4604 (Código 1111000023.0).

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

27.-Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Fene para financiar a subministración dunha máquina de limpeza das rúas, trituradora de poda, varredoiro, hidrolimpadora e furgoneta.

28.-Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Santiso para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras de “Camiño igrexa Barazón a estrada Ponte Sampaio”, “Camiño igrexa de Barazón a Barazón”, “Interior en Vimianzo”, “Camiño estrada xeral a Casal”, “Camiño de Campelos”.

29.-Aprobación definitiva da ratificación do acordo de cesión do uso dos terreos do Monte Costa con modificación dos usos aos que se poden destinar os terreos.

30.-Aprobar a corrección do texto do convenio-tipo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para financiar a realización de actividades (cláusulas VI e VII).

31.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a “Fundación lo que de verdad importa”, para o confinanciamento de dúas actividades de fomento de valores humanos, éticos e morais nas cidades da Coruña e Ferrol.

32.-Resolución de alegacións formuladas polo Bloque Nacionalista Galego ao convenio marco para o regulamento da comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados e aprobación definitiva.

33.-Ratificar a resolución do 20 de xuño de 2012 pola que se designa aos membros da Comisión de Estudo da forma de xestión do patrimonio provincial.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

34.-Dar conta do informe de estabilidade orzamentaria da liquidación do exercicio 2011 da unidade institucional que conforma a Deputación provincial.

35.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Pontedeume en materia de xestión, inspección e recadación do IIVTNU.

36.-Modificacións de subvencións nominativas de exercicios anteriores.

37.-Aprobar as bases para a xestión por delegación da recadación executiva das sancións de tráfico e aceptación da devandita delegación.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

38.-Aprobar o Plan de emprego específico de reestruturación da área de Organización e Sistemas da Deputación provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS:

- Moción do Partido Popular relativa á garda e custodia compartida.

- Moción do Bloque Nacionalista Galego para que a Xunta de Galicia revoque o acordo de supresión dos servizos que se prestan a través das oficinas liquidadoras de taxas e impostos.

- Moción do Bloque Nacionalista Galego relativa á revisión do acordo de exención do pagamento do imposto sobre bens inmobles (IBI) por parte da igrexa católica, ou compensación en tanto non se produce a revisión.

- Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o sistema financeiro galego (banca pública galega, referendo sobre o rescate, solución das preferentes, atención ao público e mantemento do emprego en Novagalicia Banco e Comisión de Investigación).

- Moción do Bloque Nacionalista Galego para a execución da estrada Airíos-Momán.

-Moción do Partido Socialista para solicitar que se cobre o IBI aos inmobles rexistrados a nome da igrexa católica e doutras confesións relixiosas cuxo destino non estea vinculado ao culto, así como para que se presete unha Lei de liberdade de conciencia e relixiosa e unha revisión dos acordos do Reino de España coa Santa Sede.

-Moción do Partido Socialista pola que se solicita ao Goberno de España que se manteña o nivel de investimento para as comarcas mineiras con cargo ao plan de mineiría de, polo menos, as mesmas contías do exercicio 2011.

ROGOS E PREGUNTAS

1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, DON ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ.

O Sr. Muíños Sánchez entra no salón de sesións e toma posesión do seu cargo, promete o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

2.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/12, DO 25 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 5/12, do 25 de maio.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 7.601 Á N° 10.100, DE 2012.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da n° 7.601 á n° 10.100, de 2012.

4.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA NO ANO 2012.

Aprobar o convenio co Concello de Boiro correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2012*, cun orzamento subvencionado de 25.007'28€.

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para financiar o “Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2012”

Na Coruña, o

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 do abril, reguladora das bases de réxime local.

Don Juan José Dieste Ortigueira, alcalde-presidente do Concello de Boiro, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a obriga dos concellos de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.

Así mesmo, a dita lei establece a cooperación das institucións públicas de Galicia para a consecución das fins dispostas na citada lei.

2.- De conformidade co anterior, o Concello de Boiro ten previsto un programa de actividades no Centro Arqueolóxico do Barbanza, co obxectivo de dinamizar e dar a coñecer o Centro e a súa contorna.

3.- De conformidade coa Lei 5/1997, de administración local de Galicia que establece no art. 109 como competencia propia das deputacións a asistencia aos concellos e o fomento dos intereses peculiares da provincia e, no art. 118.b), a conservación de monumentos históricos, e, co obxecto de establecer as condicións da súa colaboración, a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro (CIF: P1501100J) para financiar o ***Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2012***, no que se inclúen as seguintes:

- V Encontro Arqueolóxico do Barbanza
- Visitas a áreas arqueolóxicas
- Escavacións no complexo arqueolóxico dos Castros de Neixón
- Obradoiros en centros educativos e grupos programados
- Realización de DVD do Encontro
- Organización de roteiros e xeirás arqueolóxicas

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Boiro

O Concello de Boiro desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<i>V Encontro arqueolóxico do Barbanza</i>	
Impresión material publicitario	300,00
Aluguer material informático	3.886,20
Gravación de sesións	708,00
Aloxamento relatores peninsulares	416,88
Manutención relatores	1.927,00
Relatores e coordinación	3.871,00
Coffe-break	530,00
Traslados	500,00
Material funxible	1.930,00
<i>Subtotal</i>	<i>14.069,08</i>
<i>Escavacións nos Castros de Neixón</i>	
Persoal	4.619,20
Coordinación científica	1.000,00
Outros	500,00
<i>Subtotal</i>	<i>6.119,20</i>
<i>Obradoiros</i>	
Material funxible	650,00
Outros	250,00
<i>Subtotal</i>	<i>900,00</i>
<i>DVD do Encontro</i>	<i>2.419,00</i>
Gravación e impresión	

<i>Roteiros e xeiras arqueolóxicas</i>	<i>1.500,00</i>
Desprazamentos	
Deseño e impresión material publicitario	
Material funxible	
Total	25.007,28 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,977 %**.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,977 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Boiro obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Boiro o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Boiro axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.-O Concello de Boiro comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Boiro.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Boiro do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (79,977 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

- * **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- * **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

- * **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

- * **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

- * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Boiro para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boiro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Boiro deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Boiro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boiro poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boiro queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Logo da solicitude previa do Concello de Boiro, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Boiro.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

5.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA FINANCIAR O FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA 2012.

Aprobar o convenio co Concello de Ortigueira correspondente á subvención nominativa, por importe de 80.000 €, concedida para financiar o Festival Internacional do Mundo Celta 2012, cun orzamento subvencionado de 181.818'00€.

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira para a celebración do *Festival Internacional do Mundo Celta 2012*

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Rafael Girón Martínez, alcalde do Concello de Ortigueira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ortigueira exercen competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostas na normativa vixente.

2.- No Concello de Ortigueira vense celebrando dende 1978 o *Festival Internacional do Mundo Celta*, o cal acadou renome tanto a nivel nacional, como internacional, promocionando ao Concello de Ortigueira e, dunha forma indirecta no ámbito cultural, turístico e social á provincia e á comunidade autónoma que o declarou de interese turístico para Galicia.

3.- Actualmente o *Festival Internacional do Mundo Celta*, foi declarado de interese turístico de Galicia e nacional e no ano 2005 foi declarado de interese turístico internacional polo Goberno de España. Por todo iso debe coidarse moito a calidade da programación artística, infraestruturas e servizos, de xeito que acade en cada edición, un nivel máis alto; isto supón uns gastos que non poden financiarse exclusivamente a través dos presupostos xerais do concello.

4.- Atendendo á finalidade da actuación que pretende o Concello de Ortigueira e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promociona en diversos ámbitos ao municipio e, polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu presuposto de gastos, é polo que ambas administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira (CIF: P1506200C) que permita a celebración do ***Festival Internacional do Mundo Celta 2012*** os días 12, 13, 14 e 15 de xullo de 2012.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ortigueira

O Concello de Ortigueira desenvolverá as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

1.- Aluguer de infraestruturas

Escenarios, iluminación, son, electricidade, xeradores, produción, persoal de produción, backline, tarimas, sanitarios, autobuses, medios de transporte	50.000.-
---	----------

2.- Contratacións artísticas

Cachés de grupos, bandas de música, desprazamentos, hoteis, alimentación, cátering, gastos diversos	100.000.-
---	-----------

3.- Organización e coordinación

Seguros, persoal contratado, protección civil, seguridade, protocolo, promoción e publicidade, prensa, cartelería, imprenta, promoción publicitaria, merchandising, imprevistos	31.818.-
---	----------

Total gastos	181.818 €
---------------------	------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **80.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **44,00 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 44,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ortigueira obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Ortigueira o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ortigueira axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1. O Concello de Ortigueira incluírá en toda a publicidade que realice con motivo do ***Festival Internacional do Mundo Celta*** e na súa páxina web á Deputación Provincial da Coruña como institución que subvenciona o evento. Ademais reservarase un espazo no recinto do Festival para que esta poida instalar un stand e así mesmo un tempo destinado á emisión de vídeos publicitarios da Deputación entre as actuacións artísticas do escenario principal.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ortigueira.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ortigueira do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (44,00 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Ortigueira terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ortigueira deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ortigueira para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ortigueira da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6º das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Ortigueira deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Ortigueira destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ortigueira poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ortigueira queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ortigueira serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ortigueira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Logo da solicitude previa do Concello de Ortigueira, realizada antes do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ortigueira, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

6.- APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O SOSTEMENTO DO CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL DO ENSANCHE DURANTE O ANO 2012.

Aprobar o convenio co Concello de Santiago correspondente á subvención nominativa, por importe de 144.000 €, concedida para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2012, cun orzamento subvencionado de 180.000'00€.

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2012.

Na Coruña, o

REUNIDOS

O Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O Sr. D. Ángel Currás Fernández, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que intervén con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuíto de 1.268,50 metros cadrados na planta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, do 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi subscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- O 19 de abril de 2005 o alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CIF: P1507900G) para financiar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2012*.

Neste Centro desenvólvense as seguintes actividades:

- * Cursos e obradoiros: ximnasio, ioga, obradoiro de memoria.
- * Actividades para a infancia: animación á lectura, obradoiros de debuxo.
- * Novas tecnoloxías: fotografía, informática, zona wifi.
- * Programas puntuais: entroido, San Xoán, actividades de verán.
- * Programas específicos: teatro, xadrez, escola de cidadanía, club de lectura, consumo responsable.
- * Exposicións, excursións e visitas culturais.
- * Actividades para a xuventude: curso de documentais, curso de capoeira, club de rol, consello da xuventude.
- * Colaboración con asociacións.
- * Programa de cine.
- * Programa de servizos sociais.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Santiago de Compostela

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

3 uxieres	67.797,28.-
2 animadores socioculturais	77.003,64.-
1 auxiliar administrativo	31.010,32.-

Mantemento e subministracións	4.188,76.-
-------------------------------	------------

Total	180.000,00 €
--------------	---------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **144.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e ejecución

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.-O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificandos, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposto na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Logo da solicitude previa do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

7.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE PORTO DO SON PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO CASTRO DE BAROÑA NO ANO 2012.

Aprobar o convenio co Concello de **Porto do Son** correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000,00 €, concedida para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2012*. cun orzamento subvencionado de **25.000,00 €**

... .. CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2012*.

Na Coruña, o

REÚNENSE

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Don José Luis Oujo Pouso, alcalde-presidente do Concello de Porto do Son, actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal necesaria e

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que desenvolve o Centro de Interpretación do Castro de Baroña, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra do Barbanza.

Que, de acordo coas consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son (CIF: P1507200B) para financiar o ***Programa de***

actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2012, coas seguintes áreas e contidos:

Actividades:

- * Traballo de campo cos centros de ensino para que coñezan o Centro.
- * Visitas guiadas ao Castro de Baroña e aos petróglifos do concello.
- * Impulsar o respecto ao patrimonio arqueolóxico e potenciar o comportamento cívico que evite a súa degradación.
- * Exposicións arredor do xacemento castrexo.
- * Presentación de libros e iniciativas culturais.
- * Participación no Itinerario Arqueolóxico Comarcal.
- * Conferencias de expertos relacionados co mundo castrexo e coa arqueoloxía.

Promoción:

- * Celebración da Feira Castrexa 2012.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Porto do Son

O Concello de Porto do Son desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Persoal	9.614,61.-
Feira Castrexa 2012	15.385,39.-
Total	25.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Porto do Son obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Porto do Son o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Porto do Son axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.-O Concello de Porto do Son comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Porto do Son.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Porto do Son do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80,00 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixeradas actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Porto do Son terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Porto do Son deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Porto do Son para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Porto do Son da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Porto do Son deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Porto do Son destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Porto do Son poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Porto do Son queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Porto do Son serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Porto do Son será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Previa solicitude do Concello de Porto do Son, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Porto do Son, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, da 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

8.-APROBAR O CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA PARA FINANCIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O ANO 2012.

Aprobar o convenio coa **Asociación Socio-Pedagóxica Galega** correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000,00 €, concedida para financiar o **desenvolvemento de *Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2012***, cun orzamento subvencionado de **25.000,00 €**

CONVENIO

Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de *Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2012*

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario D. José Luís Almau Supervía.

D. Xoán Costa Casas, presidente da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente á educación na cultura, e moi especialmente á promoción e fomento da utilización da nosa lingua.

Así mesmo, a Deputación apoia o fomento da lingua mediante distintas actuacións orientadas á súa normalización na nosa Comunidade.

2.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega é unha entidade de carácter cultural que ten por finalidade a promoción de toda clase de estudos sociais e pedagóxicos sobre a sociedade galega, incidindo no estudo dos métodos pedagóxicos existentes, e buscando acadar os mais axeitados para aplicar no ensino en Galicia, na procura dunha cada vez maior dinamización da cultura e a lingua galegas.

3.- Como parte das actividades de fomento da lingua a Asociación Socio-Pedagóxica Galega desenvolve o proxecto *Tiralle da lingua*, dirixido ao profesorado e ao alumnado, coa finalidade de incentivar o uso oral do galego e, polo tanto, a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova; tamén desenvolve o programa *Aprender para*

educar, que é un programa de formación dirixido ás familias, de interrelación e exposición de experiencias.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados ás fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de ***Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2012*** co seguinte contido:

Tiralle da lingua.-

Este proxecto desenvólvese en dúas fases:

* Xornadas de expresión oral dirixidas ao profesorado de Primaria, ESO e Bacharelato de toda Galicia, que teñen lugar en Santiago, durante dous días, coa finalidade de facilitar ao profesorado técnicas básicas para traballar a oralidade na aula.

* Concurso de relato oral dirixido ao alumnado de Primaria, ESO, e ensino Postobrigatorio que se fai a dous niveis: no centro do ensino e na fase final do concurso, que se celebra en Santiago de Compostela a finais de abril ou maio.

III Certame “Curtas para Rosalía”.-

Coincidindo co 175 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, celébrase este certame que trata de pór en valor unha das figuras máis representativas das nosas letras.

Este certame convocarase en abril; o prazo de presentación de obras rematará a fins de setembro e a decisión do xurado emitírase en novembro.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Tiralle da lingua.- Xornadas de expresión oral

* Publicidade: deseño e maquetación	500.-
* Envíos a centros	800.-
* Docencia	2.000.-
* Axudas de custe: comidas e desprazamentos	600.-
* Impresión de programas e carteis	1.500.-
* Elaboración programa, xestión e organización	2.500.-
* Imprevistos	200.-
<i>Subtotal</i>	<i>8.100.-</i>

Tíralle da lingua.- Concurso de relato oral

* Catro primeiros premios	1.200.-
* Catro segundos premios	600.-
* Premios aos centros	1.800.-
* Dez sesións de contacontos nos centros	2.000.-
* Dinamización e presentación do concurso	350.-
* Maquetación, impresión e distribución publicidade	1.000.-
* Organización e xestión	1.500.-
* Imprevistos	400.-
<i>Subtotal</i>	<i>8.850.-</i>

III Certame “Curtas para Rosalía”

* Premios	3.000.-
* Publicidade, deseño, maquetación e impresión	2.500.-
* Organización e xestión	2.000.-
* Imprevistos	550.-
<i>Subtotal</i>	<i>8.050.-</i>

Total de gastos 25.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Socio-Pedagóxica Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Socio-Pedagóxica Galega, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Socio-Pedagóxica Galega unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Socio-Pedagóxica Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Socio-Pedagóxica Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposto na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Socio-Pedagóxica Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Logo da solicitude previa da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

9.- APROBAR O CONVENIO CO ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A VI FASE DO PROXECTO DE PUBLICACIÓN DO INVENTARIO DOS FONDOS PARROQUIAIS DA DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NA PROVINCIA DA CORUÑA.

Aprobar o convenio co Arcebispo de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 50.000,00 €, concedida para financiar *a VI fase do proxecto de publicación do Inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña*, cun orzamento subvencionado de **108.513,74 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispo de Santiago de Compostela para financiar a *VI fase do proxecto de publicación do Inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña*.

Na Coruña, o

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

O Excmo e Rvdo. Sr. D. Julián Barrio e Barrio, arcebispo de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e a representación que teñan e coa capacidade legal para este acto

MANIFESTAN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbas as dúas partes recoñecen o interese e valor histórico do conxunto formado polos fondos parroquiais depositados no Arquivo Histórico Diocesano: trátase dunha colección de documentos que abarcan dende o século XV ata a metade do século XX, recollidos e concentrados no Arquivo Histórico Diocesano dende a súa fundación no ano 1975 e, sobre todo, nos últimos oito anos, mediante os diversos proxectos financiados pola Deputación da Coruña.

A documentación está formada por libros manuscritos, atados e impresos, nun número aproximado de 18.250 atados e 37 pergamínos soltos, procedentes dos arquivos de 711 parroquias; as datas da documentación están entre 1443 e 2001, aínda que o comezo dos arquivos parroquiais sitúase na segunda metade do século XVI.

Os libros parroquiais teñen un especial interese xa que os rexistros civís comezaron a súa andadura no ano 1870, polo que son practicamente a única fonte de datos de tipo xenealóxico dende o século XVI ata o presente.

Tamén é documentación moi importante para o coñecemento da produción artística e cultural, da antropoloxía e a socioloxía da nosa terra, da medicina, da xeografía...

3.- Neste contexto subscribese o presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, no que se fixan as actuacións que se desenvolverán no Arquivo Histórico Diocesano, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela (R1500020A) para financiar a ***VI fase do proxecto de publicación do Inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña.***

Nesta sexta fase do proxecto realizaranse os seguintes traballos:

- * Publicación do tomo segundo dos *“Inventarios dos fondos parroquiais da Arquidiocese de Santiago de Compostela depositados no A.H.D.S. da provincia da Coruña comprendidos entre o **E** e o **P**”*.
- * Preparación do tomo terceiro, correspondente aos inventarios entre o Q e o Z.
- * Calendario, recollida, traslado e transferencia dos arquivos parroquiais xa programados.
- * Fumigación e desinsectación durante 30 días da nova documentación transferida.
- * Limpeza e catalogación.
- * Informatización dos fondos e remisión dunha copia dos inventarios aos párrocos.
- * Restauración no taller do que dispón o Arquivo.
- * Depósito, uso e consulta.
- * Revisión e actualización dos arquivos xa depositados con anterioridade.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Arcebispado de Santiago de Compostela

O Arcebispado de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Persoal (equipo de 5 persoas)	93.300,06.-
Limpeza	4.513,68.-
Materiais consumibles	7.500,00.-
Axudas de custe e quilometraxe	3.200,00.-
Total	108.513,74 €

III.- Financiamento provincial provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **46,077 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 46,077 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Arcebispado de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Arcebispado de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao Arcebispado de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Arcebispado de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Arcebispado de Santiago de Compostela unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo director do Arquivo Histórico Diocesano, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Arcebispo de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Arcebispo de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Arcebispo de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Arcebispo de Santiago de Compostela na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Arcebispo de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Arcebispo de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Arcebispo de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Arcebispado de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Arcebispado de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegración, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegración parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegración.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposto na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Arcebispado de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Arcebispado de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Logo da solicitude previa do Arcebispado de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

10.- APROBAR O CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PRENSA DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO ESTUDO DO NOME DAS RÚAS. COMARCA DE BERGANTIÑOS-COSTA DA MORTE. ANUALIDADE 2012.

Aprobar o convenio coa **Asociación da Prensa da Coruña** correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000,00 €, concedida para financiar o proxecto denominado *Estudo do nome das rúas. Comarca de Bergantiños-Costa da Morte: Anualidade 2012*, cun orzamento subvencionado de **38.000,00 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto *Estudo do nome das rúas. Comarca de Bergantiños-Costa da Morte: Anualidade 2012*.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Manuel González Menéndez, presidente da Asociación da Prensa da Coruña

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

2.- A Asociación da Prensa da Coruña, dentro das actividades dirixidas ao rescate da memoria dos principais creadores xornalísticos e literarios da cidade e de Galicia, está a realizar unha liña especializada de publicacións, sobre a presenza dos xornalistas nos rueiros das cidades, cunha dobre finalidade: a posta en valor do coñecemento de xornalistas e a súa implantación social a través dos rueiros das cidades.

3.- Dende o ano 2008 tense realizado os estudos da presenza dos xornalistas nos rueiros da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol e As Mariñas (Betanzos, Culleredo, Cambre, Oleiros, Bergondo, Abegondo, Carral, Sada e Arteixo).

Como continuación destes traballos, no ano 2012 realizarase o estudo: *Comarca de Bergantiños-Costa da Morte*, no que se recollerán os nomes dos xornalistas que dan nome a rúas na Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Con este proxecto preténdese salientar o papel de determinados xornalistas que fixeron historia no só no mundo da comunicación, tamén no ámbito da cultura galega nos dous últimos séculos, especialmente os máis vinculados ao rexurdimento galego a fins do século XIX e principios do XX.

4 - A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña coinciden en valorar positivamente esta liña de publicacións polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña (CIF: 15032006) para financiar o proxecto *Estudo do nome das rúas. Comarca de Bergantiños-Costa da Morte: Anualidade 2012*, que se realizará nas seguintes fases:

- * Localización e avaliación dos personaxes.
- * Busca documental: literaria e gráfica.
- * Elección de autores dos textos.
- * Realización do material gráfico actual: localización das rúas.
- * Elaboración da premaqueta e infografía.
- * Redacción de textos.
- * Edición e impresión.
- * Distribución.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Asociación da Prensa da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Redacción, colaboracións	10.000.-
Documentación, materiais	2.000.-
Fotografía, infografía	3.500.-
Deseño, maquetación	4.500.-
Edición	12.000.-
Distribución	4.000.-
Varios	2.000.-
Total	38.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **65,79 %**.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,79 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación da Prensa da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación da Prensa da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación da Prensa da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación da Prensa da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación da Prensa da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación da Prensa da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación da Prensa da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación da Prensa da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación da Prensa da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación da Prensa da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6º das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación da Prensa da Coruña na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación da Prensa da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación da Prensa da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación da Prensa da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación da Prensa da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto

financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposto na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación da Prensa da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación da Prensa da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Logo da solicitude previa da a Asociación da Prensa da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

11.- APROBAR O CONVENIO COA ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA FINANCIAR O CICLO DE CONFERENCIAS “XV AVANCES EN CIENCIA E TECNOLOXÍA” DURANTE O ANO 2012.

Aprobar o convenio coa **Real Academia Galega de Ciencias** correspondente á subvención nominativa, por importe de 8.000,00 €, concedida para financiar o proxecto denominado “*XV Avances en ciencia e tecnoloxía*” durante o ano 2012, cun orzamento subvencionado de **10.250,00 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para financiar o ciclo de conferencias “XV Avances en ciencia e tecnoloxía” durante o ano 2012.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Ernesto Vieitez Cortizo, Presidente da Real Academia Galega de Ciencias.

MANIFESTAN

Que ambas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Real Academia Galega de Ciencias ten previsto organizar un ciclo de conferencias titulado “*XV Avances en ciencia e tecnoloxía*” que se desenvolverá en Santiago de Compostela durante o ano 2012.

Que a Deputación Provincial da Coruña, concede unha grande importancia á divulgación da ciencia e, máis concretamente, das novas tecnoloxías, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades, e considerando a complementariedade desta actividade coa política de concesión de bolsas á investigación que vén desenvolvendo dende hai anos este organismo, está interesada en colaborar na organización das ditas conferencias.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias (CIF: Q1568010A) para financiar o ciclo de conferencias *XV Avances en ciencia e tecnoloxía*.

Neste ciclo preténdese analizar as posibilidades de desenvolvemento daqueles sectores que presentan un maior potencial en Galicia, en función da dispoñibilidade de recursos autóctonos e das previsibles demandas e terá o seguinte programa:

5 de novembro

Acto de apertura a cargo dun representante da Consellería do Medio Rural e do Mar.

6 de novembro

Conferencia de Felipe Macías Vázquez, Catedrático do Dto. de Edafoloxía e Química Agrícola da Facultade de Física da USC

7 de novembro

Conferencia dun representante da Asociación Forestal de Galicia.

8 de novembro

Conferencia de Manuel Bao Iglesias, Catedrático do Dt. de Enxeñería Química da USC.

12 de novembro

Conferencia dun representante de Pescanova S.A.

13 de novembro

Conferencia dun representante do Grupo Coren.

14 de novembro

Acto de clausura a cargo dun representante de Uniemprende-USC.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Honorarios conferenciantes	3.800.-
Viaxes conferenciantes	150.-
Organización	1.500.-
Manutención	100.-
Coordinación	2.200.-
Secretaría	800.-
Imprenta	700.-
Publicidade, son e varios	1.000.-

Total	10.250 €
--------------	-----------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **78,05 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 78,05 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesaria para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Ciencias, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Ciencias.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Ciencias unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Ciencias, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Ciencias deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Ciencias para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Ciencias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Ciencias na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega de Ciencias terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Ciencias deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude da Real Academia Galega de Ciencias, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

12.- APROBAR O CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL MÚSICA SINFÓNICA NO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA FINANCIAR UN CICLO DE “CONCERTOS DE ÉPOCA” DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE MELIDE.

Aprobar o convenio coa **Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago** correspondente á subvención nominativa, por importe de 52.000,00 €, concedida para financiar o proxecto denominado ***Concertos de época*** da **Orquestra Sinfónica de Melide en concellos da provincia**, cun orzamento subvencionado de **70.200,00 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para a realización dun ciclo de “*Concertos de época*” da Orquestra Sinfónica de Melide en concellos da provincia.

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, e

D. Fernando Vázquez Arias, Presidente da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago (CIF: G70010699).

EXPOÑEN

1.- Que con data do 26 de outubro de 2005 e, ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, foron aprobados os estatutos da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é a contribución ao desenvolvemento global da comunidade, tanto no eido da cultura, como nos aspectos sociais, que axuden a conseguir a mellora na vida da comunidade, mediante a organización de todo tipo de actividades que abarquen os ámbitos culturais, entre outros.

Entre estas actividades está a Orquestra Sinfónica de Melide, da que é titular a Asociación.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio da realización dun ciclo de ***“Concertos de época”*** da Orquestra Sinfónica de Melide co obxectivo de achegar a música clásicas ás pequenas poboacións, promover grandes montaxes, apoiar aos artistas autóctonos e estimular a produción feita en Galicia.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto o financiamento dun ciclo de “*Concertos de época*” da Orquestra Sinfónica de Melide en tres concellos da provincia.

Nestes concertos interpretaranse catro programas que poderán ser escollidos polos concellos:

“*Concerto Barroco*”: trátase dun percorrido musical por distintas obras do barroco musical italiano, con solistas formados en Galicia.

“*Concerto dos solistas Galegos*” :é unha aposta decidida pola música feita en Galicia, na que participan solistas instrumentais e musicais da nosa comunidade.

“*Bandas sonoras*” : principais bandas sonoras escritas para a pantalla grande, en concerto, apoiando coas imaxes a música interpretada.

“*Música pop dos oitenta coa Sinfónica de Melide*” : proposta de música moderna interpretada pola Sinfónica de Melide e outros invitados.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

* Gastos de artistas	38.000.-
* Equipo eléctrico	6.200.-
* Aluguer de tarimas	7.000.-
* Aluguer de equipo de son	3.000.-
* Desprazamentos	3.000.-
* Producción dos concertos	8.000.-
* Publicidade	3.000.-
* Servizo de restauración e hospedaxe	2.000.-

Total de gastos ***70.200 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **52.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **74,074 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 74,074 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, nin con calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa chegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ciclo de *“Concertos de época”*.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago da sanción que, de conformidade

co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6º das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin autoriza a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

13.- APROBAR O CONVENIO CO CENTRO DE ESTUDOS MELIDENSES-MUSEO DA TERRA DE MELIDE PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2012.

Aprobar o convenio co **Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide** correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000,00 €, concedida para financiar o proxecto denominado *Programa de actividades culturais durante o ano 2012*, cun orzamento subvencionado de **29.174,52 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para financiar o *Programa de actividades culturais durante o ano 2012*.

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña.

D. Xosé Manuel Broz Rei, Director do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que os museos da provincia desenvolven no espallamento da cultura da nosa terra.

Que o Museo da Terra de Melide é o único museo comarcal de toda a provincia, e naceu coas achegas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Melide e Plan Leader da Unión Europea, constituíndo o cerne dunha concienciación social, e da posta en valor duns elementos que eran testemuñas da nosa antigüidade.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, coa vontade de promover a potenciación das actividades culturais na zona, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide (CIF: G15229982) para financiar o ***Programa de actividades culturais durante o ano 2012.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

* Gastos de persoal	26.974,52.-
* Publicación do Boletín nº 25	2.000,00.-
* Edición dun calendario	100,00.-
* Edición de postal	100,00.-

Total de gastos ***29.174,52 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **68,55 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 68,55 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, nin con calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos

da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

14.-MODIFICAR O OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA E CONVENIO COA REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA PARA FINANCIAR O CICLO DE CONFERENCIAS “UNHA MEDICINA AO SERVIZO DA SOCIEDADE” DURANTE O ANO 2012.

Aprobar o convenio coa **Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia** correspondente á subvención nominativa, por importe de 8.000,00 €, concedida para financiar o proxecto denominado **Ciclo de conferencias “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2012**, cun orzamento subvencionado de **10.000,00 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para financiar o ciclo de conferencias “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2012.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. José Carro Otero, Presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

MANIFESTAN

- 1.- Que ambas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.
- 2.- Que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten disposto organizar un ciclo de conferencias titulado **“Unha medicina ao servizo da sociedade”**.

O propósito deste ciclo é contribuír a mellorar a información da xuventude naqueles temas socio-sanitarios que, por abuso e mala práctica, xeran serios problemas de gran preocupación xeral.

- 3.- Que a Deputación Provincial da Coruña, concede unha grande importancia á difusión dos coñecementos médicos para mellorar o nivel sanitario da poboación da provincia, polo que ten a intención de impulsar o desenvolvemento daquelas prácticas que contribúan a esta difusión.

- 4 - A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia coinciden en valorar positivamente este ciclo de conferencias, polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia (CIF: Q1568005A)

para financiar o ciclo de conferencias *Unha medicina ao servizo da sociedade, durante o ano 2012*, que tratarán os seguintes temas: malos hábitos en alimentación, sexualidade, adiccións tecnolóxicas, outras adiccións nocivas para a saúde, convivencia e agresividade, hixiene e coidados corporais, prevención de doenzas, patoloxías nos órganos dos sentidos, sedentarismo e exercicio físico.

O ciclo estará integrado por 20 conferencias en centros de ensino secundario dos seguintes concellos: Ames, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Carballo, Carral, A Coruña, Dodro, Fene, Ferrol, A Laracha, Miño, Padrón, O Pino, Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Ribeira, Santa Comba, Santiago, Val do Dubra e Vedra.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Desprazamentos para organización	400.-
Imprenta	900.-
Fotografía, programas power point, gráficos, etc	200.-
Pagos conferenciantes	4.000.-
Secretaría	4.500.-
Total	10.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrência de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6º das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día

no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

15.-APROBAR O CONVENIO CO SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS PARA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DA COSTA DA MORTE PARA FINANCIAR O PROXECTO PERCORRENDO VIEIROS DA COSTA DA MORTE 2012.

Aprobar o convenio co **Seminario de Estudos Comarcais** correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000,00 €, concedida para financiar o proxecto denominado *Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2012*, cun orzamento subvencionado de **12.700,00 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte para financiar o proxecto *Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2012*.

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Xosé María Lema Suárez, Presidente do Seminario de Estudos Comarcais para promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte.

Actuado no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia os arts. 109 e 118 da Lei 5/97 de Administración local, nos que se sinala que as deputacións provinciais teñen entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia, e máis concretamente en materia cultural, a Deputación Provincial da Coruña está especialmente comprometida coa conservación do seu patrimonio cultural.

2.- A asociación cultural Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte é unha entidade de carácter cultural, que ten por finalidade a promoción, difusión, dinamización da cultura galega con especial énfase no estudo da arte, a antropoloxía, a historia, a economía, a etnografía, a lingua, a literatura, a socioloxía e a xeografía das comarcas coruñesas da Costa da Morte.

3.- A Deputación Provincial da Coruña e o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte (CIF: G15957936) para financiar o proxecto ***Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2012*** que ten as seguintes liñas de actuación:

Componse dunha serie de iniciativas a través das que se tenta de conformar o relato histórico e patrimonial das distintas comarcas que integran a Costa da Morte, para a posta en valor do seu patrimonio cultural.

Ademais das actividades relacionadas co megalitismo, desenvolveranse outras relacionadas co estudo e divulgación de temas etnográficos, arquitectónicos, históricos e paisaxísticos, de acordo coas seguintes liñas de actuación:

1.- *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte.* - Na Costa da Morte atópanse milleiros de cruceiros, moitos deles catalogados no Inventario Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, entre o que destaca o cruceiro de Santos, na parroquia de Bamiro, en Vimianzo, que é unha obra singular do século XV, para o que se solicitará a declaración de BIC.

O obxectivo deste proxecto é dar a coñecer os cruceiros máis sobranceiros para, deste xeito, poñelos en valor; para iso, elaborárase e publicarase unha guía dos cruceiros.

2.- *Paisaxes naturais da Costa da Morte: os penedos de Pasarela e Traba.* - Esta paraxe singular foi declarada Paisaxe Protexida pola Xunta de Galicia no ano 2009.

Neste proxecto realizarase un libro-guía con fotos e mapas cos roteiros polos penedos; ademais elaboraranse paneis para a sinalización das rutas.

3.- *Romarías da Costa de Morte.* - Logo de publicar a guía das ermidas da Costa da Morte e o documental “O berro seco” sobre as romarías de San Fins, trátase de facer un documental sobre a romaría de Virxe da Barca, de Muxía, coñecida polos milleiros de romeiros que acoden a ela.

4.- *Mantemento da páxina web.* - A páxina realizouse no ano 2010 e trátase de manter este espazo.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1.- *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte*

Elaboración e publicación da guía

4.000.-

<i>2.- Os penedos de Pasarela e Traba</i>		
	Elaboración e publicación da guía	4.000.-
	Paneis de sinalización das rutas	1.000.-
<i>3.- Romarías da Costa de Morte</i>		
	Documental sobre a romaría da Virxe da Barca	3.000.-
<i>4.- Páxina web</i>		
	Mantemento e pago do dominio	700.-
	Total	12.700 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **78,74 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,74 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte na documentación achegada; e se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dcoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude do Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

16.-APROBAR O CONVENIO COA FUNDACIÓN BIBLIOTECA CASA DO REAL CONSULADO PARA FINANCIAR A CATALOGACIÓN E INFORMATIZACIÓN DE FONDOS NO ANO 2012.

Aprobar o convenio coa **Fundación Biblioteca da Casa Consulado** correspondente á subvención nominativa, por importe de 8.000,00 €, concedida para financiar o proxecto denominado *Catalogación e informatización de fondos no ano 2012*, cun orzamento subvencionado de **10.004,00 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado para financiar a *Catalogación e informatización de fondos no ano 2012*.

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe a art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Javier Padín Martínez, Presidente da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, estalles atribuídas e

MANIFESTAN

1.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado é unha entidade fundada por don Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, que foi aprobada por Real orde do 2 de xuño de 1803, que ten como fins:

“a) Conservar e incrementar o seu patrimonio histórico e, en especial o valioso fondo bibliográfico, documental, iconográfico e cartográfico constituído orixinariamente por don Pedro Antonio Sánchez Vaamonde e o Real Consulado, así como os achegados por outros doantes.

b) Facilitar por todos os medios axeitados o coñecemento, estudo e consulta dos ditos fondos.

c) Contribuír polos seus propios medios e colaborar con outras institucións á valoración e conservación do patrimonio cultural e da memoria histórica e, en xeral, ao desenvolvemento e difusión da cultura ao servizo do progreso e a liberación do ser humano, conforme ao espírito que animou toda a vida e obra do seu Fundador”.

2.- Os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Así mesmo, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

3.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado ten en marcha o proxecto de catalogación e informatización dos seus fondos, de gran interese e valor histórico, polo que a Deputación da Coruña vén de financiar a catalogación e informatización do fondo antigo, do fondo moderno, da colección de publicacións seriadas e folletos da Biblioteca, das estampas en láminas da Calcografía Nacional e dos gravados que se conteñen en libros a partir de 1498.

4.- Neste contexto e coa finalidade de continuar cos traballos realizados e, coa finalidade de protexer e conservar o patrimonio bibliográfico e documental, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado acordan subscribir o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña (CIF: G15028160) para financiar a *Catalogación e informatización de fondos no ano 2012* no que se catalogarán 1.413 rexistros bibliográficos recibidos a través de diversas doazóns.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

* Catalogación de fondos bibliográficos	
(6 € x 1.413 rexistros)	8.478,00.-
* IVE 18 %	1.526,04.-

Total	10.004,04 €
--------------	--------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,97 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,97 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación dos ingresos obtidos por matrículas.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á

Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundución Biblioteca da Casa Consulado da Coruña na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundución Biblioteca da Casa Consulado da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundución Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundución Biblioteca da Casa Consulado da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundución Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundución Biblioteca da Casa Consulado da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o

correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

17.- APROBAR O CONVENIO COA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A PROMOCIÓN MUSICAL DE BANDAS, CORAIS E GRUPOS DE CÁMARA: “PROGRAMA OUTRA+OUTRA 2012”.

Aprobar o convenio con **Fundación Paideia Galiza** correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000,00 €, concedida para financiar o proxecto denominado ***Programa Outra+Outra 2012***, cun orzamento subvencionado de 39.069,99€

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para *promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: “Programa Outra+Outra 2012”*.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Dona Rosalía Mera Goyenechea, Presidenta da Fundación Paideia Galiza.

EXPOÑEN

1.- Que ambas as entidades teñen unha especial sensibilidade para a realización de actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural de Galicia.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, de conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, que establece como competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia, e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, ten un programa de actuacións musicais e teatrais para grupos artísticos da provincia, orientado ao fomento da cultura nese campo.

3.- Que a Fundación Paideia Galiza, constituída como entidade sen ánimo de lucro, e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a promoción e a realización de actividades de interese educativo, cultural e outras de análogo interese humano e social.

Así mesmo, na actualidade leva a xestión do proxecto "Mans", un Centro de Iniciativas Empresariais que se sitúa no Polígono de POCOMACO, para potenciar a cultura empresarial innovadora na provincia da Coruña, favorecendo actividades coma a audiovisual ou a de creación musical.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza consideran que as programacións de ambas entidades, neste ámbito, son complementarias polo que, coa finalidade de potenciar as iniciativas que axuden á promoción das actividades musicais, acordan establecer un convenio de colaboración dirixido a fomentar o desenvolvemento estratéxico do sector da música e apoiar ás formacións musicais; o convenio rexerase pola seguintes.

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para a promoción da actividade musical mediante o cofinanciamento dun programa de gravacións dirixido ás bandas, corais, grupos de cámara e agrupacións musicais da provincia, incluídas na Rede Cultural da Deputación denominado “*Outra + Outra 2012*” consistente en:

* Gravación dun CD de cada unha das 9 agrupacións seleccionadas e edición de 1.030 unidades de cada CD.

* Gravación dun CD compilador cun tema de cada agrupación seleccionada e edición de 300 unidades deste CD.

O programa obxecto do presente convenio desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

1ª fase: As agrupacións musicais solicitarán a participación neste proxecto, facendo constar expresamente o seu compromiso de asumir a porcentaxe do custo total que lles corresponde.

Será condición para poder participar neste proxecto que a agrupación estea incluída na Rede Cultural da Deputación no ano 2011 ou 2012.

2ª fase: Comprobadas as solicitudes pola comisión mixta, esta seleccionará as nove que considere máis axeitadas, de acordo cos seguintes criterios:

Interese do currículo do grupo.

Antigüidade do grupo.

Características que se adapten ao tipo de servizo de gravación que se oferta.

3ª fase: Despois de finalizar a gravación e de tramitar o depósito legal, a Fundación Paideia Galiza fará entrega de 1.000 copias do CD a cada agrupación musical.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Paideia Galiza desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gravación, incluíndo mestura, masterización, piano, servizo de restauración e deseño do CD	27.540,99.-
--	-------------

Edición dos CD de cada agrupación, incluíndo dereitos de autor e multicopiado en fábrica	10.530,00.-
--	-------------

Edición dos CD compiladores, incluíndo dereitos de autor e multicopiado en fábrica	999,00.-
--	----------

Total	39.069,99 €
--------------	--------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **76,79 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,79 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación non será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

O restante **23,21 %** será achegado directamente á Fundación Paideia Galiza por cada grupo, na maneira que nos contratos que se subscriban entre a Fundación e cada un dos grupos, se estipule.

IV.- Obrigas das partes.

1.- Obrigas da Deputación da Coruña:

- * Realizar a difusión do programa.

- * Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.

- * Achegar o importe correspondente ao 76,79 % do custo da gravación, da tramitación das cotas correspondentes ante a SGAE e da obtención do depósito legal, así coma da entrega dos CD gravados.

2.- Obrigas da Fundación Paideia Galiza:

- * Recibir as solicitudes das agrupacións musicais para participar no programa.

- * Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.
- * Ceder a cada unha das doce agrupacións musicais seleccionadas unha sala de gravación no CIE “Mans” durante un día.
- * Realizar a edición, mestura e masterización, en sistema de gravación a disco duro ProTools HD3.
- * Poñer a disposición das agrupacións musicais un piano, encargándose da súa afinación.
- * Poñer a disposición das agrupacións musicais un servizo de servizo de restauración.
- * Tramitar a documentación administrativa necesaria e a esixida pola lexislación da propiedade intelectual, en concreto a tramitación do depósito legal e a xestión dos dereitos correspondentes diante da SGAE (incluído o aboamento de tarifas).
- * Realizar o deseño gráfico dos CD, e o seguimento da fotomecánica.
- * Xestionar a marca discográfica e a de fábrica.
- * Entregar a cada agrupación musical 1.000 copias do seu CD e 15 do CD compilador.
- * Entregarlle á Deputación provincial 25 copias de cada CD das agrupacións e 100 copias do CD compilador.
- * Entregar 3 copias de cada CD gravado ao Depósito Legal.
- * Dispoñer de 2 copias de cada CD gravado para efectos de arquivo.

V.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

VI.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VII.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VIII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

IX.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

X.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XIII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

18.- APROBAR O CONVENIO COA FUNDACIÓN 10 PARA FINANCIAR O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO. ANUALIDADE 2012.

Aprobar o convenio con **Fundación 10 de Marzo** correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000,00 €, concedida para financiar o ***Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2012*** cun orzamento subvencionado de 12.503,55€

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo para financiar o *Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2012.*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Manuel Villares Creo, Presidente da Fundación 10 de Marzo, en nome e representación desta e no uso das facultades que lle outorga o art. 12 dos seus Estatutos.

Actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose mutuamente competencia para actuar na representación que ostentan,

EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

3.- A Fundación 10 de Marzo estima necesario facer da cultura e a investigación un instrumento ao servizo da clase traballadora e do conxunto da sociedade, para lograr unha sociedade máis xusta e equitativa.

4.- A Fundación 10 de Marzo é a depositaria do arquivo histórico e documental do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

5.- A Fundación 10 de Marzo está a desenvolver un proxecto con obxectivos como o de recuperación da documentación sobre os movementos sociais da Coruña que existe en mans particulares ou de institucións; a recuperación e catalogación das publicacións sobre o mesmo tema; a difusión pública dos seus fondos, a través tanto da investigación, como da publicación de estudos, conferencias, cursos de formación, produción de exposicións, etc.

6.- Neste contexto, subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo (CIF: G15338080) para financiar o ***Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2012*** que, neste ano, centrarase na 3ª fase de catalogación da colección de carteis e dixitalización de 200 carteis, de acordo co seguinte:

* Carteis sindicais:

CC.OO.- Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.

CC.OO.- Confederación Sindical.

CC.OO. noutras comunidades.

* Carteis de organizacións e partidos políticos.

* Carteis de organizacións e movementos sociais.

* Carteis de convocatoria múltiple.

* Carteis de organizacións institucionais.

* Outras organizacións.

* Carteis sen organización.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación 10 de Marzo desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal de arquivo	9.644,30.-
Dixitalización de 200 carteis	2.859,25.-
Importe	12.503,55 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,98 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,98 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación 10 de Marzo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación 10 de Marzo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación 10 de Marzo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación 10 de Marzo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación 10 de Marzo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación 10 de Marzo, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación 10 de Marzo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación 10 de Marzo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación 10 de Marzo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación 10 de Marzo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación 10 de Marzo na documentación achegada; e se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación 10 de Marzo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación 10 de Marzo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación 10 de Marzo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación 10 de Marzo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación 10 de Marzo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación 10 de Marzo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación 10 de Marzo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no

dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación 10 de Marzo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude da Fundación 10 de Marzo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

19.-MODIFICACIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE FERROL PARA A REALIZACIÓN DO CICLO DE JAZZ 2012 POLO CICLO “A MÚSICA DA ILUSTRACIÓN”.

Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa que fora aprobada na base 49 das de Execución do Presuposto do ano 2012 para a concesión ao **Concello de Ferrol** da subvención nominativa correspondente á realización do **Ciclo de Jazz 2012**, de xeito que a subvención sexa destinada a financiar o **Ciclo “A Música da Ilustración**, por un importe de 28.000,00 € e cun orzamento subvencionado de **35.944,00 €**

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o Ciclo “A Música da Ilustración”

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

D. José Manuel Rey Varela, Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

Ámbalas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial e o Concello de Ferrol exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- O Concello de Ferrol, a través da Concellaría de Cultura organiza o Ciclo de concertos “A Música na Ilustración” coa idea de difundir a música dunha época moi importante para a cidade. Neste ciclo escoitaranse obras dos compositores máis relevantes do século XVIII.

3.- En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol (CIF: P1503700E) para financiar o **Ciclo “A Música da Ilustración”**.

Este Ciclo terá lugar no Teatro Jofre ao longo de todo o ano, coas seguintes actuacións:

- * 13 de xaneiro: *Zoar Ensemble*.- Obras de Mozart e Beethoven.
- * 27 de xaneiro: *Trio Szabo, Balan, Codispoti*.- Obras de Mozart, Haydn e Smetana.
- * 17 de febreiro: *Cantos Ilustrados: Mercedes Arcuri (soprano), Borja Mariño (piano) e Santiago Fernández (narrador)*.- Obras de Mozart, Moretti, Gluck, Cimarosa, Martín y Soler e Boccherini.
- * 9 de marzo: *Quinteto Gaos*.- Obras de Reicha, von Dittersdorf e Mozart.
- * 16 de marzo: *Dúo Scaramouche*.- Obras de Mozart e J.C.Bach.
- * 14 de setembro: *Quinteto de corda da Escola Reina Sofía*.- Programa a determinar.
- * 21 de setembro: *Carmen Vidal e Santiago Barro*.- Obras de J.S.Bach, Rameau, W.F.Bach, Couperin e Haydn.
- * Fecha por determinar: *Cantabile*.- Dido e Eneas, de Purcell.
- * Fecha por determinar: *Hércules Brass*.- Programa a determinar.
- * Fecha por determinar: *Airas Ensemble*.- Obras de C.Ph.E.Bach, Beethoven, Cambini e Danzi.
- * 30 de decembro: *Orquestra Filarmonia das Beiras*.- Obras de Johann Strauss y Josef Strauss.

Como complemento aos concertos proxectaranse vídeos sobre o Ferrol da Ilustración.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Zoar Ensemble	2.000.-
Trio Szabo, Balan, Codispoti	3.000.-
Cantos Ilustrados	4.000.-
Quinteto Gaos	2.000.-
Dúo Scaramouche	1.500.-
Quinteto de corda da Escola Reina Sofía	2.000.-
Carmen Vidal e Santiago Barro	1.500.-

Ópera Dido y Eneas	6.000.-
Hércules Brass	1.000.-
Airas Ensemble	2.000.-
Orquestra Filarmonia das Beiras	10.000.-
Narrador	944.-

Total 35.944 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **28.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **77,90 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,90 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (77,90 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

- * **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

- * **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

- * **Certificación** expedida polo Interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

- * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o **ano 2012**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ferrol.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

20.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR A FEIRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS 2012.

1.- Aprobado o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para financiar a XXII MOSTRA DE ENCAIXE.

2.- A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 60.000.- euros, que supón o 56,6 % do presuposto do proxecto.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/334.G/462.01

3.- Facultar a Presidencia para o que proceda na tramitación do presente acordo.

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Manuel Valeriano Alonso de León, alcalde-presidente do Concello de Camariñas con CIF P1501600I.

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos na representación que teñen, e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Camariñas consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción económica na provincia da Coruña.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo, información e mellora da promoción económica dos axentes económicos e sociais da provincia.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de Camariñas, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Camariñas, para o financiamento da XXII Feira de Encaixe de Camariñas, que se ha celebrar no concello os días 4 ao 8 de abril do ano 2012.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR O CONCELLO DE CAMARIÑAS

O Concello de Camariñas levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Custo de persoal contratado	11.803,95 €
Parque infantil	404,05 €
Son e Iluminación	5.800,00 €
Vixilancia	4.500,00 €
Modelos	9.600,00 €
Coreografía	3.092,00 €
Fotografía	1.500,00 €
Restauración: en diferentes fas.	6.000,00 €
Publicidade	5.000,00 €
Aluguer de carpas	1.200,00 €
Subministracións de encaixe para mozos/as e grandes deseñadores	6.500,00 €
Servizo de limpeza	2.000,00 €
Servizo de xerador e acometidas eléctricas	1.400,00 €
Montaxe	47.200,00€
TOTAL A XUSTIFICAR	106.000,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 56,603%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 56,603%, da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/334G/462.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, o Concello de CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol da CONCELLO DE CAMARIÑAS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE CAMARIÑAS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2012, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 5.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- 6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- 7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial. Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable
Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, ao CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se

devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA. As datas dos xustificantes estarán comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento o CONCELLO DE CAMARIÑAS para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de CAMARIÑAS na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para

gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de CAMARIÑAS poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de CAMARIÑAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará 1 ano despois da súa sinatura e producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2012.
2. Despois da solicitude previa do Concello de CAMARIÑAS, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
 2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CAMARIÑAS, respectivamente.
 3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
- “E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION O ALCALDE DE CAMARIÑAS
PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

Manuel Valeriano Alonso de León

21.-APROBAR A 1ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS.

Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobado a 1ª fase da anualidade 2012 do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

Financiamentos 1ª fase anualidade 2012	TOTAL 1ª fase anualidade 2012
Achega municipal	17.932,53
Achega Deputación	181.238,09
Total	199.170,62

2º.- Aprobado a relación de actuacións de investimento que a continuación se relacionan:

CONCELLO	DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	Presuposto	Achega Deputación	Achega municipal	Presuposto total 2012 (achega da Deputación e Achega+ Provincial)
BOIRO	Compra de cámara frigorífica con destino ao mercado municipal	36.238,10	36.238,10	-	36.238,10
LOUSAME	Modernización do mercado local na contorna da casa do concello	36.249,99	36.249,99	-	36.249,99
RIBEIRA	Instalación de colectores soterrados na praza do mercado municipal de Palmeira	54.182,53	36.250,00	17.932,53	54.182,53
MUROS	Soterramento do cables de abastecemento eléctrico e de telecomunicacións do mercado municipal de Muros 2º fase	36.250,00	36.250,00	-	36.250,00
PORTO DO SON	Modernización da praza de abastos fase II	36.250,00	36.250,00	-	36.250,00
TOTAL		199.170,62	181.238,09	17.932,53	199.170,62

A achega da Deputación para a 1ª fase da anualidade 2012 ascende a 181.238,09€ .

3º.- A contratación e execución das obras e actuacións realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran no punto 7 e 8 das bases reguladoras.

4º.- Dispoñer a exposición pública da 1ª fase da anualidade 2012 do programa mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

5º.- Facultar á Presidencia para canto proceda en orde á xestión do presente acordo.

22.-APROBAR A 5ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Vista a actuación que a continuación se indica, que desenvolve o contido do Proxecto reformulado denominado Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: Río Mandeo", financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a quinta fase da anualidade 2012 do Proxecto Mandeo na que se inclúe a actuación que a continuación se indica, que será contratada por esta Deputación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2012
		Feder
		Deputac
		Total
12.2800.0077.0	Ampliación rede saneamento (Aranga) Pr Mandeo	84.301,85
		36.129,36
		120.431,21
	T O T A L 5ª fase anualidade 2012	84.301,85
		36.129,36
		120.431,21

2º.- Anular a actuación denominada "Saneamento Flores e Castrobo (Aranga) Pr. Mandeo" cun orzamento de 120.798,24 €, incluída co código 12.2800.0059.0 na 2ª fase da anualidade 2012 do Proxecto Mandeo, aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 10-4-2012. A anulación realízase porque a pesar de solicitar o concello as autorizacións necesarias para a súa execución aínda non lle foron concedidas, o cal fai inviable a súa realización tendo en conta que o prazo de execución do Proxecto Mandeo finaliza nesta anualidade, polo que finalmente substitúese esta actuación pola que se indica no apartado anterior.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2012
		Feder
		Deputac
		Total
12.2800.0059.0	Saneamento Flores e Castrobo (Aranga) Pr. Mandeo	84.558,77
		36.239,47
		120.798,24

3º.- O financiamento da actuación que se vai incluír nesta 5ª fase do P. Mandeo realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do Orzamento provincial para o exercicio 2012.

4º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

23.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO NA ZONA RURAL DE BELEICÓN E MANDIÁ” DO CONCELLO DE FERROL, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010, CO CÓDIGO 10.2100.0092.0.

Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento na zona rural de Beleicón e Mandiá” do Concello de Ferrol incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código: 10.2100.0092.0, que supón unha diminución do presuposto total da obra ao modificar algunhas partidas do proxecto orixinal.

10.2100.0092.0 Saneamento en zona rural de Beleicón e Mandiá (Concello de Ferrol)			
<u>Axentes</u> <u>cofinanciadores</u>	<u>Presuposto</u> <u>adxudicación</u> <u>Proxecto inicial</u>	<u>Presuposto</u> <u>adxudicación</u> <u>Proxecto reformado</u>	<u>Diferenza</u>
Deputación f.p.	205,86	202,42	3,44
Deputación préstamo	106.754,40	104.969,92	1.784,48
Estado	86.000,00	84.562,44	1.437,56
Concello	10.155,81	9.986,05	169,76
TOTAL	203.116,07	199.720,83	3.395,24

24.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO ANULACIÓN FOSA SÉPTICA GUIMARÁNS (BUGALLIDO)” DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011. CÓDIGO 11.2100.0003.0.

1.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “San. Abast. Anul. Fosa séptica Guimarás (Bugallido)” do Concello de Ames incluída no POS 2011, cun orzamento de contrata de 129.269,99 € co código 11.2100.0003.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade, situación e obxecto da obra, si implica unha variación interna das súas partidas superior ao 30% do seu presuposto de execución material.

			FINANCIAMENTO			
Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Estado	Orzamento
			F.propios			Total
11.2100.0003.0	Ames	San. Abast. Anul. Fosa séptica Guimarás (Bugallido)	95.490,01	8.650,74	25.129,24	129.269,99

25.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DA PRAZA COUSO, SANEAMENTO TRABA E POLIDEPORTIVO S. XUSTO” DO CONCELLO DE CORISTANCO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011 CO CÓDIGO 11.2100.0065.0.

Aprobar a modificación do proxecto da obra da obra “Acond. prazas Couso, san. Traba e polidep. S. Xusto” do Concello de Coristanco, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) co código 11.2100.0065.0 que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial establecido no proxecto orixinal.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>FINANCIAMENTO</u>		
			<u>Deputación</u> <u>F.propios</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
11.2100.0065.0	Coristanco	Acond.prazas Couso,san. Traba e polidep. S. Xusto	72.799,99	8.853,63	81.653,62

26.-MODIFICAR O ACORDO PLENARIO NÚMERO 8, DO 30 DE SETEMBRO DE 2011, POLO QUE SE APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, TERCEIRA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: REFORZO DO FIRME E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 0807, DP 5811, DP 0904, DP 3201 E DP 4604 (CÓDIGO 1111000023.0).

Modifícase o acordo plenario núm. 8, do 30 de setembro de 2011, polo que se aproba o Plan de conservación de vías provinciais 2011, terceira fase, integrado polo proxecto: Reforzo de firme e mellora da seguridade viaria na DP 0807, DP 5811, DP 0904, DP 3201 e DP 4604 (CÓDIGO 1111000023.0) , no sentido de ONDE DI450.150,95 euros DEBE DICIR: 450.105,95 euros.

27.-APROBAR A FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE FENE PARA FINANCIAR A SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA DE LIMPEZA DAS RÚAS, TRITURADORA DE PODA, VARREDOIRO, HIDROLIMPADORA E FURGONETA.

Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar e vistos os informes dos Servizos de Patrimonio e Fiscalización procede:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial e o Concello de FENE para financiar a subministración dunha máquina de limpeza das rúas, trituradora de poda, varredoiro, hidrolimpadora e furgoneta, cunha achega da Deputación de 90.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) con cargo á partida 0202/454A/76201, AD nº de operación 220120010238 con data do 07/05/2012 (nº de referencia 22012003419).

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FENE PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA DE LIMPEZA DE RÚAS, TRITURADORA, PODAS, VARREDORA, HIDROLIMPIADORA E FURGONETA

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Gumersindo Galego Feal, Alcalde Presidente do Concello de Fene

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Fene ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene, CIF P1503600G, para o financiamento da adquisición dunha máquina de limpeza de rúas, trituradora, podas, varredora, hidrolimpadora e furgoneta

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de Fene, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 112.500,00 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 90.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 80,00%.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/454A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello de Fene o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Fene axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Adquirido o ben, o Concello de Fene deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Fene pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Fene, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Fene na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Fene terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o Concello de Fene deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Fene para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da

subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Fene da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Fene deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Fene destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Fene poderá escollelo a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Fene queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Fene serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Fene será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dcoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2012.

2. Despois da solicitude do Concello de Fene, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello de Fene, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia numero con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FENE

Asdo.: Diego Calvo Pouso

Asdo.: Gumersindo Galego Feal

28.-APROBAR A FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE SANTISO PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “CAMIÑO IGREXA BARAZÓN A ESTRADA PONTE SAMPAIO”, “CAMIÑO IGREXA DE BARAZÓN A BARAZÓN”, “INTERIOR EN VIMIANZO”, “CAMIÑO ESTRADA XERAL A CASAL”, “CAMIÑO DE CAMPELOS”.

Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial e o Concello de SANTISO para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras de “CAMIÑO IGREXA BARAZÓN A ESTRADA PONTE SAMPAIO”, “CAMIÑO IGREXA DE BARAZÓN A BARAZÓN”, “INTERIOR EN VIMIANZO”, “CAMIÑO ESTRADA XERAL A CASAL”, “CAMIÑO EN CAMPELOS”, cun orzamento de licitación de 30.000 euros e unha achega da Deputación de 24.000 euros, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80 %, con cargo á partida 0202/454A/76201 do vixente orzamento, no documento contable RC nº de operación 220120010048 con data do 04/05/2012 (nº de referencia 22012003348).

(Modifícase o coeficiente de financiamento do 100% ao 80 %, que se ditaminou na COMISIÓN DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTO do 20 de maio de 2012, de acordo co novo ditame da Comisión con data do 26 de xuño de 2012.)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTISO PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “CAMIÑO IGREXA BARAZÓN A ESTRADA PONTE SAMPAIO”; “CAMIÑO IGREXA DE BARAZÓN A BARAZÓN”; “INTERIOR EN VIMIANZO”; “CAMIÑO ESTRADA XERAL A CASAL”; “CAMIÑO EN CAMPELOS”

Na Coruña, o

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso.
E doutra parte o Sr. Fernando Suárez Cortiña, Alcalde Presidente do Concello de SANTISO
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de SANTISO ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de SANTISO con CIF P1508000E, para o financiamento da execución da obra de “CAMIÑO IGREXA BARAZÓN A ESTRADA PONTE SAMPAIO”; “CAMIÑO IGREXA DE BARAZÓN A BARAZÓN”; “INTERIOR EN VIMIANZO”; “CAMIÑO

ESTRADA XERAL A CASAL”; “CAMIÑO EN CAMPELOS” tal como aparece definida esta no proxecto redactado polo técnico da empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., don Julio C. Rojo Martínez , (ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, Colexiado número 3.871)

O CONCELLO DE SANTISO, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva Licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desglósase co seguinte detalle:

P. E.M:	21.364,48 euros
GASTOS XERAIS:	2.777,38 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL:	1.281,87 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	4.576,27 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	30.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **24.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe do **80,00%**.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/454A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE SANTISO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE SANTISO axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE SANTISO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE SANTISO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O CONCELLO DE SANTISO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o cumprimento desta. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE SANTISO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTISO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTISO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE SANTISO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTISO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTISO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO DE SANTISO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE SANTISO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTISO poderá escollelo a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTISO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 euros

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 euros

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTISO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTISO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 10 de novembro de 2012.
2. Despois da solicitude do CONCELLO DE SANTISO, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTISO, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia n.º

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SANTISO

Asdo.: Diego Calvo Pouso

Asdo.: Fernando Suárez Cortiña

29.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA RATIFICACIÓN DO ACORDO DE CESIÓN DO USO DOS TERREOS DO MONTE COSTA CON MODIFICACIÓN DOS USOS AOS QUE SE PODEN DESTINAR OS TERREOS.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da corporación provincial en sesión celebrada o 24 de febreiro de 2012 (BOP N° 45, do 6 de marzo de 2012), aprobar definitivamente o acordo de ratificación da cesión de uso dos terreos do Monte Costa con modificación dos usos aos que se poden destinar os terreos de tal modo que a cesión de uso establécese para as seguintes finalidades:

- a) deportivos públicos
- b) culturais públicos
- c) recreativos públicos
- d) parque público

De conformidade co establecido no art. 111 do Regulamento de bens das entidades locais, entenderase que os fins para os que se autoriza a cesión de uso deberán cumprirse no prazo máximo de 5 anos, debendo manterse o seu destino durante os 30 anos seguintes.

Transcorrido o devandito prazo os bens cedidos en uso reverterán no patrimonio da Deputación con todas as súas pertenzas e accesorios.

30.-APROBAR A CORRECCIÓN DO TEXTO DO CONVENIO-TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES (CLÁUSULAS VI E VII).

Aprobar a modificación da cláusula VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL e a inclusión da cláusula VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN (e correlativamente a cláusula XIII) no texto do convenio-tipo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para financiar a realización de ACTIVIDADES, cuxo texto foi aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 25/05/2012, tal e como se indica no texto que figura como Anexo.

Texto de convenio tipo obxecto de ditame
pola Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento
en sesión celebrada o 21 de
maio de 2012, coa modificación que se propón das cláusulas VI e VII

Número__ /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE _____ PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

Na Coruña, o _____ de _____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. _____, Alcalde Presidente do Concello de _____

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de _____ ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a (DENOMINACIÓN DA ENTIDADE E NIF), para o financiamento da _____

(descrición con detalle da actividade que ha realizar directamente o beneficiario da subvención).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO	IMPORTE
1. Gastos de persoal			
2. Arrendamentos, mantemento e conservación			
3. Material, subministracións e outros			TOTAL:

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (expresión en tanto por cento con dous decimais). No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ (tanto por cento, con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

(Só para gastos plurianuais)

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

(Outro financiamento alleo)

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA axustará** toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ENTIDADE BENEFICIARIA**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
-

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do presente ano**

2.Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter rematadas as **ACTIVIDADES** e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ o día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE

Asdo.: Diego Calvo Pouso

Asdo.:

31.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A “FUNDACIÓN LO QUE DE VERDAD IMPORTA”, PARA O COFINANCIAMENTO DE DÚAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DE VALORES HUMANOS, ÉTICOS E MORAIS NAS CIDADES DA CORUÑA E FERROL.

Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e Fundación Lo Que De Verdad Importa con CIF: G86083227 para cofinanciar dúas actividades de fomento dos valores humanos, éticos e morais nas cidades da Coruña e Ferrol cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 10.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 51,414% con respecto a un orzamento de 19.450,00 €) que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, documento contable RC nº de operación 220120016301 con data do 13/06/2012 (nº de referencia 22012005028).

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A “FUNDACIÓN LO QUE DE VERDAD IMPORTA”, PARA O COFINANCIAMENTO DE DÚAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DOS VALORES HUMANOS, ÉTICOS E MORAIS, NAS CIDADES DA CORUÑA E FERROL

Na Coruña, o de de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. María Franco Méndez, DNI núm. 02716363K, que intervéñ neste acto en nome e representación da “Fundación Lo Que De Verdad Importa”, Cif G86083227, con domicilio en calle Castillo de Jarandilla, 2 bloque A Baixo K – 28230 – Las Rozas (Madrid).

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas, e

EXPOÑEN:

A “Fundación Lo Que De Verdad Importa”, Cif G86083227, é unha fundación constituída o 23.11.2010, ao amparo da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Cultura, con domicilio en Las Rozas, EP 28230 – Madrid, rúa Castillo de Jarandilla, 2, cuxo fin social, segundo os seus estatutos, é promover o desenvolvemento e a difusión dos valores humanos, éticos e morais universais do público en xeral, fundamentalmente mediante actividades culturais.

Mediante escrito asinado o 28.02.2012 por Dna. Marta Franco Méndez, en representación da “Fundación lo que de verdad importa”, solicítase a colaboración da Deputación para o financiamento dos gastos relativos á execución de dúas actividades de fomento dos valores humanos, éticos e morais, nas cidades da Coruña e Ferrol, dirixidas especialmente aos mozos e centros educativos universitarios e preuniversitarios coa finalidade de mostrarlles os valores da solidariedade, a superación e o compromiso.

A participación da Deputación da Coruña neste proxecto enmárcase no ámbito das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde a

lograr un desenvolvemento humano global a través da educación para o desenvolvemento e a sensibilización social previstos na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Lo Que De verdad Importa (FLQDVI), ambas as partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto da colaboración entre ambas as partes consiste no cofinanciamento da realización de dúas actividades de fomento dos valores humanos, éticos e morais, consistentes nun congreso, denominado “Lo que de verdad importa”, nun encontro denominado “Kliquers”, que están dirixidos especialmente aos mozos e aos centros educativos universitarios e preuniversitarios, coa finalidade de mostrarlles os valores da solidariedade, a superación e o compromiso, ao longo dunha xornada diaria.

O congreso “Lo que de verdad importa” tivo lugar na cidade da Coruña o pasado 13.04.2012, nas instalacións do Palacio de Congresos e Exposicións da Coruña (Palexco), e o encontro “Kliquers” está previsto levalo a cabo o próximo mes de outubro na cidade de Ferrol.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a 19.450,00 €, que se resume nas seguintes partidas

CONCEPTO	A Coruña	FERROL	TOTAL
Organización e coordinación	2.000,00 €	1.500,00 €	3.500,00 €
Instalacións e equipos	4.500,00 €	0,00 €	4.500,00 €
Participantes	4.500,00 €	2.500,00 €	7.000,00 €
Servizos técnicos	500,00 €	500,00 €	1.000,00 €
Inauguración (actuacións musicais, etc.)	1.950,00 €	500,00 €	2.450,00 €
Viaxes, aloxamento e axudas de custo	0,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
TOTAIS	13.450,00 €	6.000,00 €	19.450,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), o que representa unha porcentaxe do 51,414 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só subvencionará o importe que represente o 51,414 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á cobranza desta.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou o documento contable , núm. de operación, do orzamento xeral para 2012.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe das prestacións supera os 12.000 euros, en caso de equipamento, ou os 30.000, se se trata de obras, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa entregaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria

VI- XUSTIFICACIÓN E PAGO

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria despois da xustificación da realización de cada unha das actividades programadas, mediante a presentación da seguinte documentación:

- 1.1. Memoria da actuación, subscria polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, indicando a actividade á que se refire, as actividades realizadas e os resultados obtidos. Xunto coa memoria deberá acompañarse unha reportaxe fotográfica alusiva ás actividades relacionadas co obxecto do convenio.
- 1.2. Relación clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes totais e, se fora o caso, a porcentaxe de imputación ao proxecto. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- 1.3. Coa relación anterior achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012. No caso de que se presenten copias cotexadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para a cobranza dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 1.4. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 1.5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 1.6. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar rematadas tres meses antes da finalización do período de vixencia do convenio sinalado na cláusula XIII.
2. A beneficiaria deberá presentar a xustificación final no prazo dun mes desde o remate da execución das actividades, e, en todo caso, dous meses antes da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII, sen prexuízo da posibilidade das modificacións e/ou prórrogas que poidan concederse, nos termos da citada cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponderlle, conforme coa lexislación aplicable.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. De transcorrer máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pago.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á firma do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.
2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados. A firma do presente convenio comporta a autorización á Deputación da Coruña para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarase de oficio por esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar o deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00€.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e estará vixente ata o día 30.06.2013, con efectos retroactivos desde o 1.01.2012.

2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos con DOUS meses de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente CONVENIO en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”..

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e na data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA A REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN
CORUÑA LO QUE DE VERDAD IMPORTA

Asdo.- Diego Calvo Pouso

Asdo.- María Franco Méndez

32.-RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES FORMULADAS POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONVENIO MARCO PARA O REGULAMENTO DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DE SERVIZOS PÚBLICOS CONSORCIADOS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

Visto o escrito de alegacións presentado polo portavoz do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, e de conformidade co informe conxunto do Servizo de Patrimonio e Contratación, Servizo de Fiscalización, interventor xeral e secretario xeral:

1. Desestimar as alegacións formuladas polo portavoz do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego ao convenio marco para a regulación da comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados.
2. Aprobar definitivamente o expediente e o texto do convenio marco para a regulación da comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados.

33.-RATIFICAR A RESOLUCIÓN DO 20 DE XUÑO DE 2012 POLA QUE SE DESIGNA AOS MEMBROS DA COMISIÓN DE ESTUDO DA FORMA DE XESTIÓN DO PATRIMONIO PROVINCIAL.

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 10166 do 20 de xuño de 2012 cuxo texto íntegro é o seguinte:

“Designar as persoas que a continuación se relacionan como membros da Comisión de Estudo da forma de xestión do Patrimonio Provincial:

- O presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso, que actuará de presidente.
- Dona María Dolores Faraldo Botana, vicepresidenta 1ª, deputada do Grupo Popular.
- Don José Santiago Freire Abeijón, deputado do Grupo Popular.
- 1 deputado designado polo Bloque Nacionalista Galego.
- 1 deputado designado polo Grupo socialista.
- Don José Luis Almau Supervía, secretario xeral.
- Don Enrique Calvete Pérez, tesoureiro provincial.
- Don José Manuel Pardellas Rivera, interventor xeral.
- Don Juan Bautista Suárez Ramos, interventor adxunto.
- Don Rogelio López Cardalda, xefe de Servizo de Fomento e Servizos Provinciais.
- Actuando como secretario o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.”

34.-DAR CONTA DO INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2011 DA UNIDADE INSTITUCIONAL QUE CONFORMA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Visto o expediente administrativo que contén a información regulamentaria sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na Unidade Institucional “Deputación Provincial da Coruña”, cos datos obtidos das liquidacións dos orzamentos e dos estados financeiros do exercicio 2011, esta Comisión dáse por informada do seu contido.

Do expediente tramitado debe darse conta ao Pleno Corporativo, á Comunidade Autónoma de Galicia e á Administración do Estado nos termos establecidos nas normas reguladoras da estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais e na disposición final décima do Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2012.

35.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DO IIVTNU.

Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Pontedeume en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

36.-MODIFICACIÓNS DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DE EXERCICIOS ANTERIORES.

Despois de examinar a documentación que se presenta, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificación da seguinte subvención nominativa:

EXERCICIO 2010

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/151B/762.01	Concello de Culleredo (1)	P1503100H	Mellora da accesibilidade e no contorno urbano do Burgo.	100.000,00	144.177,87	69,36

(1) Cambio do presuposto subvencionado e do coeficiente de financiamento.

37.-APROBAR AS BASES PARA A XESTIÓN POR DELEGACIÓN DA RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓN DE TRÁFICO E ACEPTACIÓN DA DEVANDITA DELEGACIÓN.

Visto o expediente administrativo que contén a seguinte documentación:

- Certificado do acordo plenario adoptado polo Concello de Santiago do 29 de marzo de 2012.
- Proposta da Tesourería do 15 de xuño de 2012.
- Informe da Secretaría Xeral do 19 de xuño de 2012.
- Informe da Intervención Xeral do 20 de xuño de 2012.

Esta comisión adopta os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases que regulan a delegación que o Concello de Santiago de Compostela realiza na Deputación das facultades en materia de recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as ordenanzas municipais sobre tráfico viario, sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes e demais normativa vixente de aplicación, que sexan instruídas polos órganos competentes do concello.

BASES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS DE TRÁFICO AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA DELEGACIÓN

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa do Concello de Santiago de Compostela, as competencias en materia de recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as ordenanzas municipais sobre tráfico viario, sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes e demais normativa vixente de aplicación, que foran instruídas polos órganos competentes do concello.

SEGUNDA.- ALCANCE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DELEGADAS

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias da recadación executiva das sancións municipais especificadas na base primeira.

A actuación da Deputación comezará coa notificación das providencias de constrinximento previamente ditadas polo tesoureiro do Concello de Santiago de Compostela e remitidas por este ao Servizo de Recadación da Deputación. Para estes efectos deberá enviarse á Deputación a documentación e o ficheiro informático que acorden as dúas administracións, que conteña a información necesaria para que poida levarse a efecto a xestión obxecto de delegación.

A Deputación da Coruña levará a cabo o desenvolvemento do procedemento de prema en todas as súas fases, de conformidade co previsto na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo das especialidades que afecten á normativa específica de tráfico e seguridade viaria.

En particular, será competencia da Deputación:

- a.- A tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e/ou fraccionamentos de pago.
- b.- A declaración de insolvencia e créditos incobrables.
- c.- A suspensión, nos supostos previstos na normativa de aplicación, do procedemento de constrinximento.
- d.- O desenvolvemento e execución do expediente de constrinximento desde o seu inicio –coa notificación da providencia de constrinximento- ata a súa terminación, sexa esta por cobro, insolvencia ou calquera outro dos motivos legalmente establecidos.
- e.- A práctica de embargos.

Corresponderalle á Tesourería do Concello de Santiago de Compostela:

- a.- Ditar e emitir a providencia de constrinximento.
- b.- Resolver os recursos que se presenten contra a providencia de constrinximento.

TERCEIRA.- INFORMACIÓN DA XESTIÓN DA DIPUTACION AO CONCELLO

O Concello de Santiago de Compostela terá acceso, en tempo real, a través dos usuarios que se determinen, tanto ao seguimento e control da xestión global realizada por delegación súa, como aos seus expedientes individuais. Disporá para estes efectos de todas as posibilidades de consulta que permita a aplicación de xestión da Deputación, dentro do marco establecido pola lexislación xeral sobre protección de datos e a normativa específica que para o seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

Adicionalmente e con carácter anual, dentro do mes natural seguinte á finalización de cada exercicio, a Deputación renderá estado demostrativo da xestión realizada no ano con indicación de: cargos recibidos; pendente de cobro do ano anterior; rectificacións de cargo, cobros e datas; devolucións de ingreso, e pendente de cobro para o ano seguinte.

CUARTA.- TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DELEGADOS

A taxa que debe aboar o Concello de Santiago de Compostela pola xestión realizada obxecto de delegación nestas bases, será o equivalente á totalidade da recarga do período executivo que corresponda (10 ou 20%) relativa ás sancións que foran efectivamente recadadas.

QUINTA.- LIQUIDACIÓN AO CONCELLO DOS INGRESOS RECADADOS

A recadación líquida obtida a favor do Concello de Santiago de Compostela, liquidarase por trimestres. A de cada trimestre será entregada dentro do trimestre inmediatamente seguinte. Na dita liquidación descontarase a taxa pola prestación do servizo que corresponda, de conformidade co previsto na base anterior.

SEXTA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN

O prazo de vixencia da delegación de competencias regulada nestas bases será de dez anos contados a partir da súa entrada en vigor.

Nembargantes, poderase dar fin á dita delegación en calquera momento, por mutuo acordo das partes.

SÉTIMA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación, as competencias e funcións que se detallan nas presentes bases será o seguinte:

- 1º.- Acordo de delegación de competencias e aprobación destas bases adoptado polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela.
- 2º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e o seu traslado á Deputación, mediante certificación expedida polo secretario xeral do Concello de Santiago de Compostela.
- 3º.- Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, polo que se aproban as bases e acepta a delegación nos seus termos.
- 4º.- Publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor da delegación producirase con efectos do primeiro día do mes seguinte á última publicación das previstas na base anterior. A delegación poderá afectar á xestión executiva daquelas sancións anteriores á data de entrada en vigor que estando en vía executiva na data en que se entreguen á Deputación o prazo para a prescrición non sexa inferior a seis meses.

NOVENA.- NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO

Habílitate á Presidencia da Deputación para ditar as normas necesarias para o adecuado desenvolvemento destas bases e para unha mellor execución das competencias obxecto de delegación.

2º.- Aceptar a delegación acordada polo Concello de Santiago de Compostela nas condicións establecidas no devandito acordo e nestas bases para a delegación.

3º.- Publicar estes acordos no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento.

38.-APROBAR O PLAN DE EMPREGO ESPECÍFICO DE REESTRUTURACIÓN DA ÁREA DE ORGANIZACIÓN E SISTEMAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Aprobar o Plan de emprego específico para a Área de Organización e Sistemas e, aprobar as modificacións de persoal, relación de postos de traballo e organigrama correspondentes ao exercicio económico vixente, derivadas da aprobación do devandito plan.

A regulación dos plans de emprego nas administracións locais de Galicia está recollida no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia, que segundo dispón no seu artigo 3 “no que non está reservado á lexislación do Estado, aplicárase esta lei ao persoal das administracións locais” e no seu artigo 31 dispón que os plans de emprego “conterán, de forma conxunta, as actuacións que se deben desenvolver para a óptima utilización dos recursos humanos no ámbito ao que afecten”. É por iso polo que os plans de emprego constitúen un instrumento fundamental para articular medidas que, a partir da racionalización e axuste da estrutura das organizacións administrativas, melloren o rendemento dos recursos humanos da administración pública, sometendo a súa planificación e xestión a procesos dotados de maior axilidade e eficacia, optimizando os custos de persoal.

Os plans de emprego configúranse, por tanto, como instrumentos esenciais para a formulación global das políticas de recursos humanos das distintas organizacións administrativas que tratan de adecuar o ámbito interno de traballo ás necesidades da propia administración co fin de incrementar a súa eficacia.

Por iso, os plans de emprego constitúen unha formidable ferramenta de planificación e ordenación da función pública, para profundar na aplicación dos principios de eficacia, eficiencia e responsabilidade e avanzar na mellora dos servizos públicos cara á súa excelencia.

A dita planificación desenvolverase con base a un diagnóstico real da situación dos recursos humanos dos que dispón a área de Organización e Sistemas, para así deseñar políticas de emprego máis acordes coas necesidades informáticas da Deputación provincial e os concellos aos que dá servizo. En definitiva trátase de redirixir os fluxos de traballo e redistribuír os efectivos de acordo coa repartición real de funcións e cargas de traballo que emanan da reorganización da área, así como flexibilizar as funcións do persoal para que desde os distintos postos de traballo poidan desenvolverse coa suficiente eficacia as funcións definidas inicialmente noutros postos, segundo as demandas de carga de traballo que reciba a área de Organización e Sistemas.

É por iso, que se somete á aprobación do Pleno da Corporación o novo organigrama e a súa consecuente adecuación económica para posibilitar a reestruturación da área de Organización e Sistemas. Así, o presente plan de emprego específico recolle dúas fases

claramente diferenciadas. Unha inicial, que se executará de inmediato para habilitar, de facto, a dita reestruturación con base na redistribución de efectivos e a reclasificación de postos de traballo para garantir a máxima flexibilidade dos traballadores e traballadoras no exercicio das súas funcións que permita á dirección da área unha eficiente asignación de recursos segundo as cambiantes condicións de traballo que caracterizan o sector das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) e aos servizos de asistencia tecnolóxica aos municipios. É unha promoción interna que se executará durante o período 2012-2015, que complementará a fase inicial incrementando os niveis de integración e motivación do persoal, tan necesarios para afrontar o relevante reto da Deputación da Coruña de liderar a implantación da administración electrónica e TIC nas administracións locais da provincia, tan indispensables para optimizar recursos, buscando manter e tamén mellorar os servizos á cidadanía nestes momentos de crise económica e restricións orzamentarias.

Así mesmo, o devandito plan prevé a posibilidade de articular medidas de incentivos á mellora da produtividade e o rendemento, dirixidas á mellora da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos humanos, ao ser obxectivamente inxusto e por tanto organizativamente inconveniente que, dous traballadores, desempeñando o mesmo posto de traballo e en consecuencia percibindo as mesmas retribucións, aquel que está a responder cun especial rendemento, unha actividade extraordinaria, con interese e iniciativa no seu labor, estea identicamente compensado co que se limita a cumprir os estándares mínimos do posto de traballo.

ANTECEDENTES

As unidades administrativas que desenvolven servizos relacionados coas ciencias da información, como a actual Área de Organización e Sistemas, caracterízanse por dispor dunha conxuntura propia de difícil comparación con calquera outra unidade da administración debido a que o sistema de traballo é radicalmente distinto a calquera outro servizo, aínda que este sexa da administración especial.

O traballo diario, neste caso caracterizado no mantemento e mellora do sistema de información, incluíndo as distintas aplicacións, ferramentas, sistemas e infraestruturas informáticas que sustentan a actividade administrativa, require do persoal da área especial responsabilidade, flexibilidade, así como unha especial motivación debido á gran repercusión que o seu traballo ten sobre os resultados e a calidade dos servizos á cidadanía desenvolvidos pola propia deputación e os concellos da provincia, para os que se aspira ofertar un servizo integral a nivel de TIC incluíndo a implantación da xestión electrónica, asesoramento e implantación e xestión de sistemas informáticos da contabilidade financeira e orzamentaria abarcando incluso os apuntamentos e peches contables, a confección de nóminas e documentos da seguridade social, padrón e censo electoral, a asistencia e xestión de procedementos tributarios, así como a xestión e intercambio de datos entre as distintas administracións.

Así, o persoal da área ten que resolver con inmediatez, eficacia e dilixencia todos os incidentes ocorridos aos distintos usuarios, tanto dos servizos propios da deputación como dos concellos e tamén da cidadanía que accede aos servizos de administración electrónica que progresivamente se van implantando nas administracións locais. Estas tarefas requiren unha especialización e actualización constante, o que sen ningunha dúbida supón unha dificultade técnica engadida, debido tamén ao elevado nivel de capacitación necesario xa que o sector das TIC está en constante evolución, sendo unha das ciencias que avanza con maior velocidade por causa dos constantes avances tecnolóxicos, que obrigan aos traballadores e traballadoras da área a estar en continua reciclaxe de coñecementos para poder manter os sistemas da administración optimizados e evitar caer nunha obsolescencia na que se atopan moitas administracións, coa súa consecuente perda de rendemento.

Non cabe dúbida que a interacción coas distintas unidades administrativas e mesmo coas distintas administracións, confírenlle á Área a relevante característica de actuar como argamasa da administración, característica que trae consigo unha enorme responsabilidade pois de producirse un funcionamento inadecuado ou ineficaz, redundaría en graves prexuizos e retardos para o resto dos servizos administrativos e, por conseguinte, para a cidadanía.

Por outra banda, desde esta Área realizarase o estudo e análise dos requirimentos de cada un dos servizos, tanto da deputación como dos concellos aos que presta asistencia, segundo as súas necesidades, fluxos de traballo e datos. Esta tarefa resulta fundamental e decisiva para poder cumprir co principio de eficacia por tanto dun traballo sinérxico entre técnicos informáticos e responsables de servizos ou departamentos, e planificarase unha metodoloxía flexible de traballo á vez que se definirán as ferramentas informáticas que permitirán desenvolver eficazmente o traballo dos devanditos servizos, mellorando, así, o rendemento administrativo para poder desenvolver máis e mellores servizos á cidadanía cun menor custo económico.

Cabe mencionar que a Deputación leva moito tempo sen actualizar a estrutura, postos de traballo, funcións e fluxos de traballo da área informática, o que redunda nunha inaceptable perda de capacidade e renuncia á excelencia, que por medio da presente reestruturación preténdese resolver. Esta situación de enquistamento histórico provocou no persoal adscrito desmotivación debido á utilización de estruturas organizativas ineficaces para a informática actual, e tamén desmotivación ao observar que uns postos de traballo tan relevantes están estancados a pesar de que o anterior Plan de emprego 2006-2009 xa recollía a necesidade dunha profunda reorganización de informática.

Así, desde a creación da Área, a dirección desenvolveu un intenso traballo encamiñado a promover a especial motivación do seu persoal, factor imprescindible para acometer o difícil reto de tentar situar á Deputación da Coruña como un bo exemplo a nivel estatal en canto ao sector das TIC.

Froito deste esforzo motivador, nestes meses de intenso traballo, a área de Organización e Sistemas conseguiu un maior grao de motivación. Pódese observar, por exemplo, no incremento da calidade do Centro de Atención a Usuarios (CAU), servizo

que esta nova Área está a xestionar directamente desde o un de xaneiro de 2012 despois de recuperalo dunha externalización, e co consecuente aforro económico para a Deputación. Así, nestes escasos cinco meses a área de Organización e Sistemas conseguiu multiplicar o número de incidencias resoltas, reducir o tempo medio de resposta e mellorar moito o índice de satisfacción dos usuarios, tanto internos coma dos concellos.

Pero non cabe dúbida que aínda son moitos os retos a abarcar e moitas as tarefas que desde a Área se poden desenvolver para mellorar a calidade dos servizos das administracións locais da provincia da Coruña, por tanto, non só se debe manter o actual grao de motivación, senón que debe mellorarse de maneira significativa para dar cumprida resposta ás expectativas creadas.

É por iso, que se presenta este plan de emprego que aspira a crear unha Área de gran calidade técnica, dinámica e flexible que relance os servizos á cidadanía de concellos e da deputación cara á excelencia, e se converta nun exemplo no conxunto das administracións. En definitiva, podemos afirmar que o investimento na reestruturación supón recuperar a dita Área ao completo e permitirá obter novos e relevantes beneficios a medio e longo prazo.

Dentro deste plan inclúense os seguintes títulos:

- Título I- Da reorganización
- Título II – Do persoal
- Título III- Da relación de postos de traballo
- Título IV- Da promoción interna
- Título V- Da vixencia e execución do acordo
- Disposición adicional primeira
- Disposición adicional segunda
- Anexo I- Organigrama
- Anexo II- Relación de postos de traballo
- Anexo III- Definición de funcións

TÍTULO I- DA REORGANIZACIÓN

Na procura de conseguir a flexibilidade que necesita unha Área tan dinámica como a de Organización e Sistemas, unificaranse e adecuaranse postos e funcións aos novos perfís técnicos que emanan dunha reestruturación, que ademais permitirá recuperar varios dos servizos técnicos e de asesoría que actualmente se atopan externalizados, co consecuente aforro económico, así como a mellora na atención aos usuarios e o incremento dos servizos prestados aos concellos por parte do ente provincial.

Cos procesos que a continuación se describen, a área de Organización e Sistemas que na actualidade ten 14 postos base con distintas funcións, pasa a dispor de tan só 6 coas funcións recollidas no anexo III do presente plan de emprego:

- Administrativo -grupo C1
- Analista - programador - grupo C1/B
- Analista técnico - grupo A2
- Asesor técnico - grupo A2
- Técnico superior de informática - grupo A1
- Técnico de organización - grupo A1

Como consecuencia deste plan de emprego específico, adóptanse as medidas seguintes:

Na liña trazada polo Plan de emprego da Deputación Provincial da Coruña 2006-2009, faise depender directamente da Dirección da Área tres administrativos cos que conta a área, os cales proveñen, un do Servizo de Organización, Calidade e Modernización; e outros dous do Servizo de Informática.

A Sección de Calidade e Modernización, que ata agora dependía do Servizo de Organización, Calidade e Modernización, pasa a depender directamente da Dirección da Área, cambiando a súa denominación pola de Sección de Organización.

Cámbiase o nome do Servizo de Organización, Calidade e Modernización e pasa a denominarse Servizo de Sistemas Informáticos. Motivado polo cambio de nome do Servizo, cámbiase tamén a denominación da súa xefatura.

Cámbiase o nome do Servizo de Informática e pasa a denominarse Servizo de Asistencia aos Sistemas de Xestión. Motivado polo cambio de nome do Servizo, cámbiase tamén a denominación da súa xefatura.

Cámbiase o nome da Sección de Organización e Innovación Tecnolóxica do Servizo de Sistemas Informáticos (antes Servizo de Organización, Calidade e Modernización), e pasa a denominarse Sección de Innovación Tecnolóxica e Atención a Usuarios. Motivado polo cambio de nome da Sección, cámbiase tamén a denominación da súa xefatura.

Incorpórase ao Servizo de Sistemas Informáticos a Sección de Informática Distribuída procedente do antigo Servizo de Informática e pasa a denominarse Sección de Administración Electrónica. Motivado polo cambio de nome da Sección, cámbiase tamén a denominación da súa xefatura

Incorpórase ao Servizo de Sistemas Informáticos a Sección de Sistemas procedente do antigo Servizo de Informática e pasa a denominarse Sección de Sistemas e Infraestruturas. Motivado polo cambio de nome da Sección, cámbiase tamén a denominación da súa xefatura.

Cámbiase o nome da Sección de Informática Corporativa do Servizo de Asistencia aos Sistemas de Xestión (antes Servizo de Informática) e pasa a denominarse Sección de Asistencia á Xestión - Deputación. Motivado polo cambio de nome da Sección, cámbiase tamén a denominación da súa xefatura.

Incorpórase ao Servizo de Asistencia aos Sistemas de Xestión a Sección de Asistencia Informática a Municipios procedente do antigo Servizo de Organización, Calidade e Modernización e pasa a denominarse Sección de Asistencia á Xestión - Municipios. Motivado polo cambio de nome da Sección, cámbiase tamén a denominación da súa xefatura.

Créase unha nova sección no Servizo de Asistencia aos Sistemas de Xestión, co nome de Sección de Asistencia á Xestión e Procedementos Tributarios.

Transfórmase un posto vacante de analista da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática, nun posto de xefe de Sección de Asistencia á Xestión e Procedementos Tributarios.

Transfórmanse dous postos de analista da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática, en dous postos de técnico superior de informática, grupo A1, mantendo nun deles durante o tempo necesario a reserva de posto que tiña coa anterior denominación.

Transfórmase un posto de analista da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática, nun posto de técnico superior de informática, grupo A1.

Transfórmase un posto de administrador de contorna informática da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática, nun posto de técnico superior de informática, grupo A1.

Transfórmanse os dous postos de analista-programador da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática, en dous postos de analista técnico, grupo A2.

Transfórmase un posto de monitor da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática, nun posto de analista técnico, grupo A2.

Transfórmanse os cinco postos de asesores de sistemas de xestión municipal da Sección de Asistencia Informática a Municipios do antigo Servizo de Organización, Calidade e Modernización, en cinco postos de asesores técnicos, grupo A2.

Configúrase o posto de analista-programador como grupo C1/B

Transfórmanse, coa nova denominación de analista-programador, grupo C1, os seguintes postos:

- Sete postos de programador de aplicacións da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática.
- Un posto de programador de aplicacións da Sección de Asistencia Informática a Municipios do antigo Servizo de Organización, Calidade e Modernización.

- Tres postos de programador de sistemas da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática.
- Dous postos de monitor técnico da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática.
- Tres postos de operador de ordenador da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática.
- Un posto de técnico de explotación nocturna da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática.

- Faise unha redistribución dos postos dentro da área conforme ao seguinte:

1. Sección de Organización.

- Permanecen na sección os dous postos de técnico de organización.
- Adscríbense á sección un posto de analista técnico e un posto de técnico superior de informática, transformado este desde analista; procedentes os dous da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática.

2. Servizo de Sistemas Informáticos.

2.1. Sección de Innovación Tecnolóxica e Atención a Usuarios.

- Permanecen na sección os dous postos de técnico superior de informática.
- Adscríbense á sección cinco postos de analista-programador, dous transformados desde monitor técnico e tres máis transformados desde operador de ordenador, procedentes os cinco postos da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática.

2.2. Sección de Administración Electrónica.

- Adscríbese á sección un posto de técnico superior de informática, transformado desde analista, procedente da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática.
- Adscríbese á sección un posto de analista-programador, transformado desde programador de aplicacións, procedente da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática.
- Adscríbese á sección un posto de analista-programador, transformado desde técnico de explotación nocturna, procedente da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática.
- Adscríbese á Sección un posto de administrativo administración xeral procedente do antigo Servizo de Organización Calidade e Modernización.

2.3. Sección de Sistemas e Infraestruturas.

- Permanecen na sección o posto de analista e o posto de administrador de contorna informática, transformados estes en técnico superior de informática.
- Permanecen na sección dous postos de programador de sistemas, transformados en analista-programador.
- Adscríbese á sección un posto de analista-programador, transformado desde programador de aplicacións, procedente da Sección de Asistencia Informática a Municipios do antigo Servizo de Organización, Calidade e Modernización.

- Trasládanse á Sección de Innovación Tecnolóxica e Atención a Usuarios deste mesmo Servizo de Sistemas Informáticos, dous postos de monitor técnico e tres postos de operador de ordenador, transformados os cinco postos en analista-programador.
- Trasládase á Sección de Administración Electrónica deste mesmo Servizo de Sistemas Informáticos, o posto de técnico de explotación nocturna, transformado en analista-programador.
- Trasládase á Sección de Asistencia á Xestión - Municipios do Servizo de Asistencia aos Sistemas de Xestión, un posto de programador de sistemas, transformado en analista-programador.

3. Servizo de Asistencia aos Sistemas de Xestión.

3.1. Sección de Asistencia á Xestión - Deputación.

- Permanece na sección un posto de analista técnico.
- Permanecen na sección os dous postos de analista-programador, transformados en analista técnico.
- Permanecen na sección cinco postos de programador de aplicacións, transformados en analista-programador.
- Trasládase á Sección de Asistencia á Xestión e Procedementos Tributarios deste mesmo Servizo, ademais do posto de analista vacante, transformado en xefe da Sección de Asistencia á Xestión e Procedementos Tributarios, un posto de analista técnico e un posto de monitor, transformado este en analista técnico, e un posto de programador de aplicacións, transformado en analista-programador.
- Trasládase á Sección de Organización, un posto de analista técnico e un posto de analista, transformado este en técnico superior informática.
- Trasládase á Sección de Administración Electrónica do Servizo de Sistemas Informáticos, un posto de analista, transformado en técnico superior de informática, e un posto de programador de aplicacións, transformado en analista-programador.

3.2. Sección de Asistencia á Xestión - Municipios

- Permanecen na sección os cinco postos de asesor de sistemas de xestión municipal, transformados en asesor técnico.
- Adscríbese á sección un posto de analista-programador, transformado desde programador de sistemas, procedente da Sección Técnica de Sistemas do antigo Servizo de Informática.
- Trasládase á Sección de Sistemas e Infraestruturas do Servizo de Sistemas Informáticos, o posto de programador de aplicacións, transformado en analista-programador.

3.3. Sección de Asistencia á Xestión e Procedementos Tributarios

- Adscríbese á sección un posto de analista técnico, procedente da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática.
- Adscríbese á sección un posto de analista técnico, transformado desde monitor, procedente da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática.

- Adscríbese á sección un posto de analista-programador, transformado desde programador de aplicacións, procedente da Sección de Informática Corporativa do antigo Servizo de Informática.

Como consecuencia de todas as modificacións apróbase a organigrama que figura no anexo I do presente plan de emprego.

TÍTULO II- DO PERSOAL

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN – SUBGRUPO – PRAZAS

■ ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

- Subescala administrativa: C1 - 4

■ ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

- Subescala técnica

- Clase técnicos superiores
 - Técnico de organización: A1 – 3
 - Técnico superior de informática: A1 – 6
 - Administradora contorna informática: A1 – 2
 - Analista: A1 – 6
- Clase técnicos de grao medio
 - Técnico de xestión tributaria: A2 – 1
 - Analista programador: A2 – 2
 - Analista técnico: A2 – 3
 - Monitor: A2 – 1
 - Asesor de sistemas de xestión municipal: A2 – 5
- Clase técnicos auxiliares
 - Programador de aplicacións: C1 – 8
 - Programador de sistemas: C1 – 3
 - Técnico de explotación nocturna: C1 – 1
 - Operador de computador: C1 – 3
 - Monitor técnico: C1 - 2

Reestructuración Orgánica Área de Organización y Sistemas

CUADRO RESULTANTE POR PUESTO

SITUACIÓN RESULTANTE DE LA REORGANIZACIÓN

				Aplic. Factores							C.espec. (factor.)	C.espec. (total)	
		Grupo	Nv.	C. espec. (básico)	F1	F2	F3	F4	F5	F6	F7		
DTOR. ÁREA	ORG. Y SISTEMAS	A1	29	31.926,85								0,00	31.926,85
JF. SERVICIO	SISTEMAS INFORMÁTICOS	A1	28	27.699,65								0,00	27.699,65
JF. SERVICIO	ASIST. A LOS SISTEMAS DE GESTIÓN	A1	28	27.699,65								0,00	27.699,65
JF. SEC. ED (A	ORGANIZACIÓN	A1/A2	24	24.776,10								0,00	24.776,10
JF. SECCIÓN	ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	A1/A2	24	14.150,24								0,00	14.150,24
JF. SECCIÓN	SISTEMAS E INFRAESTRUCTURAS	A1/A2	24	14.150,24								0,00	14.150,24
JF. SECCIÓN	INNOV. TECNOL. Y AT. A USUARIOS	A1/A2	24	14.150,24								0,00	14.150,24
JF. SECCIÓN	ASIST. A LA GESTIÓN - MUNICIPIOS	A1/A2	24	14.150,24								0,00	14.150,24
JF. SECCIÓN	ASIST. A LA GESTIÓN - DIPUTACIÓN	A1/A2	24	14.150,24								0,00	14.150,24
JF. SECCIÓN	ASIST. A LA GESTIÓN Y PROCED. TRIB.	A1/A2	24	14.150,24								0,00	14.150,24
TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN		A1	22	8.558,19		1.300,00		1.500,00		1.600,00		4.400,00	12.958,19
TÉCNICO SUPERIOR INFORMÁTICA (PD)		A1	22	8.558,19		1.300,00					3.037,33	4.337,33	12.895,52
TÉCNICO SUPERIOR INFORMÁTICA		A1	22	8.558,19		1.300,00				1.600,00		2.900,00	11.458,19
ANALISTA TÉCNICO		A2	22	7.743,72		1.300,00				1.600,00		2.900,00	10.643,72
ASESOR TÉCNICO		A2	22	7.743,72		1.300,00				1.600,00		2.900,00	10.643,72
ANALISTA - PROGRAMADOR		C1/B	20	6.840,01		1.300,00				1.600,00		2.900,00	9.740,01
ADMINISTRATIVO		C1	19	6.364,27	1.100,00		1.800,00					2.900,00	9.264,27

CÓD	DESCRIPCIÓN	EUROS	EUROS	EUROS	EUROS	EUROS	EUROS	EUROS
F1	"Help Desk" e intervenciones en primer nivel							1.100
F2	"Help Desk" e intervenciones en segundo nivel	1.300	1.300	1.300	1.300	1.300	1.300	
F3	Atención y soporte continuo al ciudadano - primer nivel							1.800
F4	Coordinación y gestión de proyectos	1.500						
F5	NO OPERA							
F6	Soporte in situ	1.600		1.600	1.600	1.600	1.600	
F7	Plena disponibilidad y continuidad de sistemas		10% retribuciones totales					

TÍTULO III- DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

1.- A contía das retribucións básicas dos funcionarios de carreira da área de Organización e Sistemas da Deputación da Coruña, serán as que para cada un dos grupos aos que se refire o artigo 76 da Lei 7/ 2007, pola que se aproba o estatuto básico do empregado público (EBEP) se fixe anualmente pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

2.- O complemento de destino será o correspondente ao nivel que en cada posto se lle asigne na relación de postos de traballo (RPT). A súa contía será a que anualmente fixe a Lei de orzamentos xerais do Estado.

3.- A contía do complemento específico asígnase a cada posto de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade, (artigo 24 do EBEP), penosidade (artigo 4 Real decreto 861/86, do 25 de abril), dentro dos límites fixados no artigo 7 do Real decreto 861/86, do 25 de abril.

O complemento específico dun posto de traballo da área modularase por aplicación dos seguintes factores singulares:

ESPECIAL DEDICACIÓN

O factor de especial "dedicación" afectará a aqueles postos expresamente singularizados polo Pleno na relación de postos de traballo, por considerar que han de exercer a súa actividade cunha dedicación superior á normal, dispoñibilidade que imposibilita aos ocupantes dos mencionados destinos para o desenvolvemento doutro posto de traballo no sector público ou privado.

O factor de especial "dedicación" no posto de traballo comporta necesariamente:

- Imposibilidade de exercer calquera actividade pola que se perciba retribución, tanto no sector público como no privado, susceptible de ser declarada compatible ou incompatible segundo dispoña a lexislación vixente
- Realización dunha xornada laboral mínima de 40 horas semanais
- Libre dispoñibilidade
- Non percepción de ningunha cantidade en concepto de gratificacións por traballos extraordinarios e horas extras

A contía do factor de especial dedicación será do 30% das retribucións totais correspondentes ao posto de traballo.

PLENA DISPOÑIBILIDADE E CONTINUIDADE DE SISTEMAS

Retribúe o requirimento esixible a determinados postos de traballo para o exercicio das funcións do posto fóra da súa xornada habitual. Pode tratarse dunha dispoñibilidade flexible con localización, é dicir, coa posibilidade de estar localizable para levar a cabo

actuacións que precisen unha intervención de necesidade ou urxencia, ou unha dispoñibilidade programada fóra da xornada, que se produza de maneira prevista para determinadas actuacións. O empregado debe estar dispoñible e poder acudir ao posto de traballo e intervir nun tempo razoable por razóns de servizo.

A contía do factor de “plena dispoñibilidade” será do 10% das retribucións totais correspondentes ao posto de traballo.

COORDINACIÓN E XESTIÓN DE PROXECTOS

O factor de coordinación "e xestión de proxectos" afectará os postos de técnico de Organización da Sección de Organización da área que, ademais das funcións inherentes ao seu posto de traballo, terán como cometido a colaboración co xefe da sección na coordinación e organización do traballo e os equipos de proxecto e de persoas vinculados a estes.

O devandito factor retribuirá aquelas tarefas de colaboración co xefe da unidade na coordinación e xestión dos labores ou traballos do persoal asignado ao proxecto e en todo o relativo á xestión das persoas do equipo e así mesmo todas as tarefas necesarias para asegurar que os proxectos se axustan á metodoloxía de xestión e cumpren os estándares de calidade que se determinen na oficina de proxectos.

A contía do factor de “coordinación e xestión de proxectos” será de 1.500 euros anuais.

ATENCIÓN E SOPORTE CONTINUO AO CIDADÁN - PRIMEIRO NIVEL

Factor que retribúe o desempeño das tarefas derivadas da atención e soporte desde o primeiro nivel do CAU aos colectivos de cidadáns e usuarios das sedes electrónicas, das web da Deputación e os Concellos, e as capacidades interpersoais e habilidades necesarias para atender de maneira continua dando resposta ás peticións de información ou solución ás incidencias. O devandito factor retribúe tamén a prestación dun servizo de atención e soporte continuo.

Retribúe ademais así a dispoñibilidade e presenza que con carácter máximo e continuo veñen esixidas ao persoal que desempeña as súas funcións dentro do primeiro nivel do CAU, especialmente en períodos ou franxas horarias onde é habitual un número maior de peticións ou incidencias. Esta esixencia implica un incremento substancial do esforzo que vén imposta pola obrigaón de permanecer de maneira constante e cunha máxima presenza no posto de traballo con obxecto de garantir a continuidade na prestación do servizo.

O exercicio a maiores de tales tarefas leva consigo unhas repercusións directas que claramente gravan e diferencian os postos de traballo citados respecto daqueles que teñen unha natureza pura ou exclusivamente administrativa.

A contía do factor de “atención e soporte directo ao cidadán desde o CAU” será de 1.800 euros anuais.

”HELP DESK” E INTERVENCIÓNS EN PRIMEIRO NIVEL

Factor que retribúe o exercicio daquelas tarefas específicas do primeiro nivel do Centro de Atención a Usuarios (CAU), así como as capacidades interpersoais e habilidades necesarias para tratar e atender directamente aos usuarios, tanto da deputación como dos concellos. O persoal que ocupa os devanditos postos ha de contar coas devanditas capacidades e dentro deles inclúense aqueles postos que aínda sendo en principio de carácter administrativo, engaden ás súas funcións as tarefas específicas propias do primeiro nivel dun CAU, tales como recepcionar e rexistrar cada incidencia reportada polo usuario proporcionando unha solución técnica ou práctica dentro dese primeiro nivel, mesmo mediante intervencións telemáticas remotas, ademais de escalalas ao segundo nivel se é necesario e controlar o seu ciclo completo ata o seu peche, confirmando cos usuarios a solución adoptada.

A contía do factor de “-help desk- e intervencións en primeiro nivel de CAU” será de 1.100 euros anuais.

”HELP DESK” E INTERVENCIÓNS EN SEGUNDO NIVEL

Factor que retribúe o desempeño das tarefas específicas derivadas da atención e asistencia dentro do segundo nivel do CAU. Valóranse as capacidades interpersoais, as habilidades e o esforzo persoal, ademais dos coñecementos adicionais necesarios, para o tratamento e resolución de todas as peticións e incidencias reportadas polo primeiro nivel, e así mesmo, para prestar o labor de asesoramento, asistencia e atención directa aos usuarios da deputación e os concellos, co fin de proporcionar dentro do segundo nivel unha solución coa maior rapidez e eficacia e un asesoramento nas ferramentas necesarias para a xestión.

A contía do factor de “-help desk- e intervencións en segundo nivel de CAU” será de 1.300 euros anuais.

SOPORTE IN SITU

Factor que retribúe a maior incomodidade e molestias motivadas pola necesidade de desprazamentos persoais aos lugares de traballo dos usuarios situados en calquera das oficinas, centros ou dependencias, tanto da deputación como dos concellos da provincia, co fin de proporcionar in situ unha asistencia e soporte técnicos presenciais e/ou un asesoramento ou formación nas ferramentas informáticas necesarias para a xestión. Este factor diferenza o posto de traballo daqueles outros que non requiren de tal obrigación ou necesidade.

A contía do factor de “soporte in situ” será de 1.600 euros anuais.

De conformidades co artigo 4 do Real decreto 861/86, do 25 de abril, para a determinación do complemento específico “poderán tomarse en consideración conxuntamente dúas ou máis das condicións particulares mencionadas que poidan concorrer nun posto de traballo”.

Con base en todo o exposto, propónse a relación de postos de traballo que figura no anexo II do presente plan de emprego.

TÍTULO IV.- DA PROMOCIÓN INTERNA

A promoción interna, ademais dun dereito dos funcionarios públicos, constitúe unha ferramenta que a administración debe utilizar para aproveitar todo o potencial que os empregados públicos van adquirindo ao longo da súa vida administrativa para desenvolver funcións correspondentes aos grupos de clasificación superiores. Esta decisión determina a necesidade de realizar procesos de cualificación e especialización do persoal, que obriga a pór en marcha programas de formación que permitan dotar os traballadores da cualificación necesaria para afrontar os novos labores. Non en balde a formación dos empregados públicos constitúe un instrumento capital para a mellora da prestación profesional, para o aumento da calidade na prestación dos servizos públicos e para acrecentar o sentido do servizo aos intereses xerais. Por tanto, e como é habitual, contéplase a celebración de cursos de formación para o persoal que concorran aos procesos de selección para a provisión de postos por promoción interna, os devanditos cursos realizaranse fóra do horario laboral, tratándose de conciliar a vida familiar e laboral.

Serán obxecto de negociación cos representantes sindicais, as bases das distintas convocatorias para prover os postos mediante promoción interna.

Así, segundo o artigo 16 do EBEP, a Corporación provincial debería facilitar:

- a) A promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no caso de que este non teña subgrupo, a outro inmediatamente superior.
- b) A promoción interna horizontal, que consiste no acceso a corpos ou escalas do mesmo subgrupo profesional.

Os funcionarios de carreira poderán progresar simultaneamente nas modalidades de carreira horizontal e vertical cando a administración correspondente o implante nun mesmo ámbito.

Os funcionarios que participen nas probas de promoción interna deberán posuír os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de polo menos dous anos de servizo activo no inferior subgrupo ou grupo de clasificación profesional no caso de

que este non teña subgrupo e superar as correspondentes probas selectivas. (artigo 18 EBEP).

Como regra xeral, utilizarase como sistema selectivo nos procesos de promoción interna o concurso-oposición, sendo a fase de concurso previa á de oposición. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderase aplicar para superar os exercicios da fase de oposición. Os méritos da fase de concurso estarán orientados a avaliar a carreira profesional do candidato e as súas capacidades e aptitudes para cumprir coas funcións propias do corpo ou escala de destino. A carreira profesional valorarase tendo en conta a antigüidade do candidato na deputación e o grao persoal consolidado. As capacidades e aptitudes do candidato valoraranse atendendo á formación recibida, a condición de que esta o capacite para o desenvolvemento das funcións propias do corpo ou escala de destino, e ás funcións desenvolvidas nos últimos postos de traballo. Entenderase por formación capacitadora para os efectos do concurso aquela cuxo obxectivo sexa instruír ao candidato para a promoción e responda a un programa homologado.

O réxime de exencións, na fase de oposición, será o seguinte:

- a) Eximirase aos candidatos daquelas materias cuxo coñecemento se acredítase suficientemente nas probas de ingreso aos corpos ou escalas de orixe.
- b) Só deberán superar unha proba práctica aqueles candidatos que pertencen a un corpo ou escala cuxo desempeño profesional non permita supor un coñecemento práctico dos labores propios do corpo ou escala de destino.

Con carácter previo á promoción interna levará a cabo, pola orde que se indica e sucesivamente a cobertura dos postos de traballo correspondentes á Dirección da área, ás xefaturas dos Servizos e ás Xefaturas das Seccións que se atopen vacantes.

Rematados os concursos anteriores serán obxecto de cobertura mediante promoción interna entre funcionarios da área de Organización e Sistemas as prazas que figuran a continuación:

a) Grupo A1

- As prazas de grupo A1 da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, que resulten vacantes como consecuencia da cobertura dos postos de traballo correspondentes a xefaturas, cubriranse por concurso-oposición, entre funcionarios do grupo A2 da escala de administración especial, subescala técnica de grao medio ou subescala de administración xeral, que estean en posesión dalgunha das titulacións que se especifican na relación de postos de traballo contida no título III do presente plan de emprego, e teñan dous anos de antigüidade na devandita subescala nalgún dos antigos servizos que se integraron na área de Organización e Sistemas da Deputación da Coruña.

- Unha praza de técnico de organización, que se cubrirá por concurso-oposición, entre funcionarios do grupo A2 da escala de administración especial, subescala técnica de grao medio ou subescala de administración xeral, que estean en posesión dalgunha das

titulacións que se especifican na relación de postos de traballo contida no título III do presente plan de emprego, e teñan dous anos de antigüidade na dita subescala nalgún dos antigos servizos que se integraron na área de Organización e Sistemas da Deputación da Coruña.

b) Grupo A2

As prazas do grupo A2 que resulten vacantes, tanto pola cobertura dos postos de traballo correspondentes ás xefaturas de Sección, como consecuencia dos procesos selectivos anteriores cubriranse por concurso-oposición, entre os funcionarios do grupo C1 da subescala técnico auxiliar de administración especial ou da subescala administrativa de administración xeral, que estean en posesión dalgunha das titulacións que se especifican na relación de postos de traballo contida no título III do presente plan de emprego e teñan dous anos de antigüidade na dita subescala nalgún dos antigos servizos que se integraron na área de Organización e Sistemas da Deputación da Coruña.

c) Grupo B

No momento en que a lexislación así o prevexa, procederase á dotación das correspondentes prazas do novo grupo B, que se cubrirán por concurso-oposición entre os funcionarios do grupo C1 da subescala técnico auxiliar de administración especial, que estean en posesión do título de técnico superior e demais titulacións que sexan equivalentes segundo a normativa vixente, e teñan dous anos de antigüidade na dita subescala nalgún dos antigos servizos que se integraron na área de Organización e Sistemas da Deputación da Coruña.

A Corporación comprométese a consignar presupostariamente as cantidades necesarias e suficientes para garantir e completar o proceso de promoción interna.

Co fin de fomentar as competencias dos aspirantes e facilitar a preparación das probas selectivas, impartiranse cursos formativos de carácter non obrigatorio, organizados polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da Deputación, que versarán sobre as materias incluídas no programa da convocatoria, facendo especial fincapé nos aspectos prácticos precisos para o adecuado desempeño do posto de traballo en promoción.

Do mesmo xeito que no Plan de emprego 2006-2009 e as bases que o desenvolveron, no caso de que superasen o proceso selectivo un número maior de aspirantes que o de prazas convocadas, procederase á transformación das prazas daqueles aspirantes que superando o devandito proceso non obtivesen praza.

Unha vez rematados todos os procesos selectivos do presente plan de emprego e, na súa totalidade, as medidas derivadas destes, procederase, mediante a transformación e/ou amortización das prazas que finalmente resulten vacantes, á creación de dous postos de adxunto a xefe de Servizo, grupo A1, nivel 26, adscritos, cada un deles, ás xefaturas de Servizo que figuran no título I do plan. A dita transformación, que en ningún caso

suporá para a Corporación provincial un custo adicional ou dotación económica superior á xa prevista, porá fin ao presente plan de emprego.

TÍTULO V. -VIXENCIA E EXECUCIÓN DO ACORDO

Todas as medidas de promoción interna contempladas no presente plan de emprego deberán executarse no marco temporal que transcorre desde a súa aprobación polo Pleno da Corporación ata o 31 de decembro de 2015.

O goberno provincial promoverá as medidas necesarias para executar o previsto nel. Así mesmo, as organizacións sindicais asinantes garanten a realización das accións necesarias que conduzan ao cumprimento das previsións contidas nel.

Constituirase unha Comisión de Seguimento do presente plan de emprego, cuxa composición será paritaria e estará composta por representantes da Corporación e representantes sindicais. A representación sindical estará integrada por membros das organizacións sindicais en proporción á representatividade que tivesen nos órganos de representación. As funcións de Secretaría da Comisión corresponderanlle a un funcionario do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

Serán funcións da Comisión de Seguimento:

- Interpretar o contido do acordo.
- Vixiar o cumprimento do pactado.
- Desenvolver as materias ás que o plan de emprego se refire.

Establécese o seguinte calendario de actuación, sen prexuízo de que alcanzado o consenso puidesen adiantarse algúns dos procesos:

1. Convocatoria do concurso de provisión do posto Dirección da área de Organización e Sistemas
2. Convocatoria do concurso de provisión dos postos de traballo correspondentes ás xefaturas de Servizo, que se atopen vacantes, incluíndo as que estean cubertas en comisión de servizo ou adscrición provisional.
3. Convocatoria do concurso de provisión dos postos de traballo correspondentes ás xefaturas de Sección que se atopen vacantes, incluíndo as que estean cubertos en comisión de servizo ou adscrición provisional.
4. Aprobación das bases de convocatoria das prazas do grupo A1.
5. Aprobación das bases de convocatoria das prazas do grupo A2.
6. Realización dos cursos de formación de prazas de grupo A1.
7. Realización dos cursos de formación de prazas de grupo A2.
8. Realización de procesos selectivos para a cobertura de prazas do grupo A1.
9. Realización dos procesos de consolidación das prazas do grupo A1
10. Realización de procesos selectivos para a cobertura de prazas do grupo A2.

CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO

O Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril que na súa disposición transitoria cuarta establece que se poden efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos dotados presupostariamente e se atopen desempeñados interinamente con anterioridade a 1/1/2005 e de acordo co art. 3 do Real decreto lei 20/2011 do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que dispón que ao longo do exercicio 2012 non se procederá á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores. Esta limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego dispostos na disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público, á vista de todo iso realizarase o proceso de consolidación dunha praza de técnico superior de informática, escala de administración especial, subescala técnica, ocupada desde o 1 de febreiro de 2002, incluída na oferta de emprego público para 2006, publicada no BOE nº 212 de 5 de setembro de 2006, susceptible de consolidarse.

REASIGNACIÓN E MOBILIDADE DO PERSOAL

Durante a vixencia do presente plan de emprego os procesos de reasignación e mobilidade do persoal realizaranse conforme co disposto sobre as devanditas materias no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia e na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Durante a vixencia do presente Plan de Emprego aprobaranse as convocatorias e os procesos selectivos que fosen necesarios para a cobertura dos postos que resultasen vacantes dos sucesivos procesos selectivos anteriores, co fin de maximizar as posibilidades de promoción de todos os funcionarios ou aspirantes da área de Organización e Sistemas a través da promoción interna aquí disposta.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA


Se durante a vixencia do presente plan de emprego non se puidese levar a cabo a promoción interna recollida no apartado c) do título IV para a cobertura das prazas do novo grupo B, a Corporación procurará desenvolver a dita promoción no momento en que a lexislación así o permita, procedendo a continuación á promoción interna prevista no devandito título conforme as actuacións seguintes:

1. Aprobación das bases de convocatoria das prazas do grupo B.
2. Realización dos cursos de formación de prazas do grupo B, destinadas a funcionarios do grupo C1.
3. Realización de procesos selectivos para a cobertura de prazas do grupo B.



ÁREA DE ORGANIZACIÓN Y SISTEMAS

ANEXO I



ANEXO II

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL FUNCIONARIO DA AREA DE ORGANIZACIÓN E SISTEMAS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA - 2012

POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	TP	FORMA DE PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
DIRECTOR DE ÁREA DE ORGANIZACIÓN E SISTEMAS	29	A1	1	31.926,85	S	L.D.		A.X. / A.E.	10	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE DE SERVICIO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS	28	A1	1	27.699,65	S	L.D.		A.X. / A.E.	10	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE DE SERVICIO DE ASISTENCIA AOS SISTEMAS DE XESTIÓN	28	A1	1	27.699,65	S	L.D.		A.X. / A.E.	10	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE DE SECCIÓN ORGANIZACIÓN	24	A1/A2	1	24.776,10	S	C.		A.X. / A.E.	1 / 2 / 6 / 9 / 10	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE DE SECCIÓN ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	24	A1/A2	1	14.150,24	S	C.		A.X. / A.E.	1 / 2 / 6 / 9 / 10	
XEFE DE SECCIÓN SISTEMAS E INFRAESTRUTURAS	24	A1/A2	1	14.150,24	S	C.		A.X. / A.E.	1 / 2 / 6 / 9 / 10	
XEFE DE SECCIÓN INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E ATENCIÓN A USUARIOS	24	A1/A2	1	14.150,24	S	C.		A.X. / A.E.	1 / 2 / 6 / 9 / 10	
XEFE DE SECCIÓN ASISTENCIA Á XESTIÓN - MUNICIPIOS	24	A1/A2	1	14.150,24	S	C.		A.X. / A.E.	1 / 2 / 6 / 9 / 10	
XEFE DE SECCIÓN ASISTENCIA Á XESTIÓN - DEPUTACIÓN	24	A1/A2	1	14.150,24	S	C.		A.X. / A.E.	1 / 2 / 6 / 9 / 10	
XEFE DE SECCIÓN ASISTENCIA Á XESTIÓN E PROCED. TRIBUTARIOS	24	A1/A2	1	14.150,24	S	C.		A.X. / A.E.	1 / 2 / 6 / 9 / 10	
TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN	22	A1	2	12.958,19	S	C.		A.E.	1 / 6	"HELP DESK" E INTERVENCIÓNS EN SEGUNDO NIVEL, COORDINACIÓN E XESTIÓN DE PROXECTOS, SOPORTE IN SITU
TÉCNICO SUPERIOR INFORMÁTICA	22	A1	3	12.895,52	N	C.		A.E.	1 / 6	"HELP DESK" E INTERVENCIÓNS EN SEGUNDO NIVEL, PLENA DISPONIBILIDADE E CONTINUIDADE DE SISTEMAS
TÉCNICO SUPERIOR INFORMÁTICA	22	A1	3	11.458,19	N	C.		A.E.	1 / 6	"HELP DESK" E INTERVENCIÓNS EN SEGUNDO NIVEL, SOPORTE IN SITU
ANALISTA TÉCNICO	22	A2	6	10.643,72	N	C.		A.E.	9	"HELP DESK" E INTERVENCIÓNS EN SEGUNDO NIVEL, SOPORTE IN SITU
ASESOR TÉCNICO	22	A2	5	10.643,72	S	C.		A.E.	9	"HELP DESK" E INTERVENCIÓNS EN SEGUNDO NIVEL, SOPORTE IN SITU
ANALISTA - PROGRAMADOR	20	C1/B	17	9.740,01	N	C.		A.E.	FP2 - Informática de Xestión / Técnico Superior Informática	"HELP DESK" E INTERVENCIÓNS EN SEGUNDO NIVEL, SOPORTE IN SITU
ADMINISTRATIVO	19	C1	4	9.264,27	N	C.		A.X.	3	"HELP DESK" E INTERVENCIÓNS EN PRIMEIRO NIVEL, ATENCIÓN E SOPORTE CONTINUADO AO CIDADÁN - PRIMEIRO NIVEL

TITULACIÓN:

1 = LICENCIADO/GRAO EN DEREITO, ECONÓMICAS, POLÍTICAS OU EMPRESARIAIS, INTENDENTE MERCANTIL OU ACTUARIO.

2 = DIPLOMADO/GRAO EN DEREITO, ECONÓMICAS OU EMPRESARIAIS, RELACIÓNS LABORÁIS OU GRADUADO SOCIAL.

3 = BACHAREL, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 2º GRAO OU E EQUIVALENTE.

4 = GRADUADO ESCOLAR, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 1º GRAO OU EQUIVALENTE.

5 = CERTIFICADO ESCOLARIDADE.

6 = ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, LICENCIADO/GRAO OU ENXEÑEIRO EN INFORMÁTICA, ENXEÑEIRO DE TELECOMUNICACIÓN, LICENCIADO/GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS, PSICOLOXÍA, PSICOPEDAGOXÍA, PEDAGOXÍA, PERIODISMO, PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS, FÍSICA, MATEMÁTICAS, QUÍMICA, SOCIOLOXÍA OU CIENCIAS DO TRABAJO.

7 = SOCIOLOXÍA, FILOLOXÍA INGLESA, ALEMA, ITALIANA OU FRANCESA, HISTORIA, PERIODISMO, DOCUMENTACIÓN, BIOLOXÍA.

8 = DIPLOMADO/GRAO EN DEREITO, ECONÓMICAS, EMPRESARIAIS, POLÍTICAS, INTENDENTE MERCANTIL OU ACTUARIO.

9 = DIPLOMADO/GRAO UNIVERSITARIO.

10 = LICENCIADO/GRAO UNIVERSITARIO.

ANEXO III

	Xenéricas	Oficina de Proxectos (Evolución)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Externos)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Internos)	CAU (Evolución)	Sistemas (Evolución)	Xestión económica e administrativa	Xestión das persoas e das relacións
Xefaturas	Definición da misión, as políticas e as estratexias da unidade. Asistencia aos seus compañeiros na realización das súas funcións e desempeño das súas responsabilidades. Elaboración de estudos, informes, ditames e propostas. Manexo do equipamento, software de base e software de aplicación dos sistemas de información e comunicacións. ***** Asistencia ás actividades formativas convenientes para o mellor desenvolvemento das súas funcións e aplicar os contidos formativos para a dita finalidade. Funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo seu responsable directo e que sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia.	Seguimento exhaustivo das novidades normativas. Definición e resolución do impacto das novidades normativas nos plans de Organización e Sistemas. Seguimento exhaustivo da actividade da Administración Local. Análise da actividade da Administración Local en relación coa definición de novos proxectos para os plans de Sistemas e Organización. Seguimento exhaustivo da evolución das tecnoloxías de xestión. Análise da evolución das tecnoloxías de xestión en relación coa definición de novos proxectos para os plans de Sistemas, Organización e a evolución do estándar metodolóxico da área.	Colaboración coa Oficina de Proxectos e outras unidades na planificación do conxunto de proxectos nos que vaia participar a súa sección.* Definición do alcance, requirimentos e especificacións dos proxectos.* Definición das asistencias técnicas externas. Coordinación das actividades dos equipos externos para que executen en tempo e forma as tarefas e actividades das que sexa responsable.* Colaboración coa Oficina de Proxectos e outras unidades no control da execución do conxunto de proxectos nos que participe.* Colaboración coa Oficina de Proxectos e outras unidades no control de calidade da execución do conxunto de proxectos nos que participe.* Intermediación entre usuarios e provedores. Elaboración de informes técnicos.	Colaboración coa Oficina de Proxectos e outras unidades na planificación do conxunto de proxectos nos que vaia participar a súa sección.* Definición do alcance, requirimentos e especificacións dos proxectos.* Estimación do tempo e os recursos necesarios para executar as tarefas e actividades das que sexa responsable.* Dirección do equipo e utilización dos recursos que se poñan á súa disposición para a execución en tempo e forma das tarefas e actividades das que sexa responsable.* Colaboración coa Oficina de Proxectos e outras unidades no control da execución do conxunto de proxectos nos que estea a participar.* Colaboración coa Oficina de Proxectos e outras unidades no control de calidade da execución do conxunto de proxectos nos que participe.* Intermediación entre usuarios e provedores. Elaboración de informes técnicos.	Estandarización do labor de atención a usuarios e cidadáns en relación con aquelas aplicacións, sistemas, procedementos ou procesos cuxa atención a usuarios e/ou cidadáns lle foi asignada.* Supervisión da elaboración do material de soporte da atención aos cidadáns e aos usuarios de aplicacións, sistemas, procedementos ou procesos cuxa atención a usuarios e/ou cidadáns lle foi asignada.* Seguimento, auditoría e control de calidade da actividade do centro de atención a usuarios, en relación con aquelas aplicacións, sistemas, procedementos ou procesos cuxa atención a usuarios e/ou cidadáns lle foron asignados.* Elaboración de informes técnicos.	Seguimento exhaustivo da evolución das tecnoloxías da información e das comunicacións. Análise da evolución das tecnoloxías da información e as comunicacións en relación coa evolución dos sistemas de información e comunicacións. Definición do impacto dos novos proxectos na seguridade e na evolución dos sistemas de información e comunicacións. Definición de adquisicións de hardware, software de base e software de aplicación. Definición e resolución do impacto dos novos proxectos nos labores de planificación, xestión e auditoría da explotación dos sistemas de información e comunicacións.	Elaboración das propostas da unidade en materia orzamentaria. Control e corrección da execución orzamentaria. Elaboración das propostas de contratación de produtos e servizos externos. Seguimento da contratación de produtos e servizos externos. Recepción de produtos e servizos externos. Inicio, tramitación e resolución dos expedientes administrativos ao seu cargo.	Dirección das persoas ao seu cargo. Control do cumprimento dos deberes das persoas ao seu cargo. Control do cumprimento dos obxectivos de traballo das persoas ao seu cargo. Control e coordinación do goce dos dereitos das persoas ao seu cargo. Fomento de relacións interpersoais positivas. Análise e resolución de conflitos. Representación da unidade. Elaboración de propostas de modificación das estruturas orgánica e funcional da área. Análise e seguimento curricular das persoas ao seu cargo, para a elaboración de plans de formación e promoción profesional. Elaboración de propostas de selección de persoal.

	Xenéricas	Oficina de Proxectos (Evolución)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Externos)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Internos)	CAU (Evolución)	CAU (Primeiro nivel)	CAU (Segundo nivel)	CAU (Soporte In situ)	Sistemas (Evolución)	Sistemas (Explotación)
Administrativo	Tramitación de expedientes. Seguimento de procedementos. Actualizacións lexislativas e a súa aplicación. Traballos en soporte informático. Actividades administrativas de xestión, tramitación e colaboración preparatorias, complementarias e derivadas de funcións superiores. Arquivo. Cálculo sinxelo. **** (ver nota)				Auditoría da actividade do centro de atención a usuarios.* Elaboración do material de soporte da atención aos cidadáns e aos usuarios de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.*	Control do ciclo de vida completo das incidencias de usuarios e cidadáns: Recepción, análise, xestión, documentación, priorización, resolución, escalado e peche.* Configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Revisión da instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Asistencia ao usuario e ao cidadán na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Formación ao usuario e ao cidadán na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Elaboración de informes de seguimento.				

	Xenéricas	Oficina de Proxectos (Evolución)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Externos)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Internos)	CAU (Evolución)	CAU (Primeiro nivel)	CAU (Segundo nivel)	CAU (Soporte In situ)	Sistemas (Evolución)	Sistemas (Explotación)
Técnico de Organización	Asistencia aos seus compañeiros na realización das súas funcións e desempeño das súas responsabilidades. Elaboración de estudos, informes, ditames e propostas. Manexo do equipamento, software de base e software de aplicación dos sistemas de información e comunicacións. ***** Asistencia ás actividades formativas convenientes para o mellor desenvolvemento das súas funcións e aplicar os contidos formativos para a dita finalidade. Funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo seu responsable directo e que sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia.	Definición do estándar metodolóxico da área e sistemas de control de calidade. Desenvolvemento e supervisión da implantación do estándar metodolóxico e dos sistemas de control de calidade. Definición e resolución do impacto das novidades normativas no estándar metodolóxico da área. Definición e resolución do impacto das novidades normativas no Plan de Sistemas. Definición e resolución do impacto das novidades normativas no Plan de Organización. Análise da actividade da Administración Local e evolución do estándar metodolóxico da área. Análise da actividade da Administración Local e definición de novos proxectos para o Plan de Sistemas. Análise da actividade da Administración Local e definición de novos proxectos para o Plan de Organización. Deseño dos plans formativos da área. Elaboración de informes técnicos.	Planificación, organización, coordinación e xestión en todas as súas facetas dos proxectos definidos no Plan de Sistemas e no Plan de Organización.* Definición de alcance, requirimentos e especificacións de proxectos.*. Definición as asistencias técnicas externas. Análise de aplicacións sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Deseño de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Control e supervisión da execución das actividades dos proxectos.* Intermediación entre usuarios e provedores. Elaboración de informes técnicos.	Definición de alcance, requirimentos e especificacións de proxectos.*. Análise de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Deseño de aplicacións sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Control e supervisión da execución das actividades dos proxectos.* Elaboración de informes técnicos.	Análise da actividade de CAU e estandarización do labor de atención a usuarios.		Soporte técnico do primeiro nivel do CAU. Asistencia ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Formación ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Intermediación entre usuarios e provedores. Elaboración de informes técnicos.	Soporte técnico do primeiro nivel do CAU. Asistencia ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Formación ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Intermediación entre usuarios e provedores. Elaboración de informes técnicos.	Definición do impacto dos novos proxectos na seguridade e na evolución dos sistemas de información e comunicacións. Definición de adquisicións de hardware, software de base e software de aplicación. Definición e resolución do impacto dos novos proxectos nos labores de planificación, xestión e auditoría da explotación dos sistemas de información e comunicacións.	

	Xenéricas	Oficina de Proxectos (Evolución)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Externos)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Internos)	CAU (Evolución)	CAU (Primeiro nivel)	CAU (Segundo nivel)	CAU (Soporte In situ)	Sistemas (Evolución)	Sistemas (Explotación)
Técnico Superior de Informática **		Deseño dos plans formativos da área.	Definición de alcance, requirimentos e especificacións de proxectos.*.	Definición de alcance, requirimentos e especificacións de proxectos.*.	Análise da actividade de CAU e estandarización do labor de atención a usuarios.				Definición do impacto dos novos proxectos na seguridade e na evolución dos sistemas de información e comunicacións. Definición de adquisicións de hardware, software de base e software de aplicación. Definición e resolución do impacto dos novos proxectos nos labores de planificación, xestión e auditoría da explotación dos sistemas de información e comunicacións.	
Analista Técnico ***			Análise de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Deseño de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Control e supervisión da execución das actividades dos proxectos.*	Análise de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Deseño de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Control e supervisión da execución das actividades dos proxectos.*	Definición e resolución do impacto dos novos proxectos nos labores de atención aos usuarios.* Definición e resolución do impacto das novidades normativas nos labores de atención aos usuarios.				Definición e resolución do impacto dos novos proxectos na seguridade e nos labores de instalación, configuración, programación, operación e administración do hardware, software de base e software de aplicación que conformen os sistemas de información e comunicacións. Definición e resolución do impacto das novidades normativas nos sistemas de información e comunicacións. Elaboración de informes técnicos.	Planificación e auditoría da explotación dos sistemas de información e comunicacións.

	Xenéricas	Oficina de Proxectos (Evolución)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Externos)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Internos)	CAU (Evolución)	CAU (Primeiro nivel)	CAU (Segundo nivel)	CAU (Soporte In situ)	Sistemas (Evolución)	Sistemas (Explotación)
Analista Programador	Asistencia aos seus compañeiros na realización das súas funcións e desempeño das súas responsabilidades.	Proposta de cambios ao Plan de Sistemas.	Proba e validación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.*	Programación, proba e validación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.*	Elaboración do material de soporte da atención aos usuarios de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.*		Soporte técnico do primeiro nivel do CAU.	Soporte técnico do primeiro nivel do CAU.		Instalación, configuración, programación, operación e administración do hardware, software de base e software de aplicación que conformen os sistemas de información e comunicacións.
	Elaboración de estudos, informes, ditames e propostas.	Proposta de cambios ao Plan de Organización.					Instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.	Instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.		Xestión e operación da explotación dos sistemas de información e comunicacións.
	Manexo do equipamento, software de base e software de aplicación dos sistemas de información e comunicacións. *****	Proposta de cambios ao estándar metodolóxico da área.	Documentación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.*	Documentación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.*			Revisión da instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.	Revisión da instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.		Elaboración de informes técnicos.
	Asistencia ás actividades formativas convenientes para o mellor desenvolvemento das súas funcións e aplicar os contidos formativos para a dita finalidade.		Intermediación entre usuarios e provedores.	Elaboración de informes técnicos.			Asistencia ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.	Asistencia ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.		
	Funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo seu responsable directo e que sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia.		Elaboración de informes técnicos.				Formación ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.	Formación ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.		
							Mantemento e reparación de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.	Mantemento e reparación de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación.		
							Intermediación entre usuarios e provedores.	Intermediación entre usuarios e provedores.		
							Elaboración de informes técnicos.	Elaboración de informes técnicos.		

	Xenéricas	Oficina de Proxectos (Evolución)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Externos)	Oficina de Proxectos (Desenvolvementos Internos)	CAU (Evolución)	CAU (Primeiro nivel)	CAU (Segundo nivel)	CAU (Soporte In situ)	Sistemas (Evolución)	Sistemas (Explotación)
Asesor técnico	Asistencia aos seus compañeiros na realización das súas funcións e desempeño das súas responsabilidades. Elaboración de estudos, informes, ditames e propostas. Manexo do equipamento, software de base e software de aplicación dos sistemas de información e comunicacións. ***** Asistencia ás actividades formativas convenientes para o mellor desenvolvemento das súas funcións e aplicar os contidos formativos para a dita finalidade. Funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo seu responsable directo e que sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia.	Proposta de cambios ao Plan de Sistemas. Proposta de cambios ao Plan de Organización. Proposta de cambios ao estándar metodolóxico da área.	Definición de alcance, requirimentos e especificacións de proxectos.*. Control e supervisión da execución das actividades dos proxectos.* Proba e validación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Documentación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Intermediación entre usuarios e provedores. Elaboración de informes técnicos.	Definición de alcance, requirimentos e especificacións de proxectos.*. Control e supervisión da execución das actividades dos proxectos.* Proba e validación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Documentación de aplicacións, sistemas, procedementos, procesos, tarefas e das súas integracións.* Elaboración de informes técnicos.	Análise da actividade de CAU e estandarización do labor de atención a usuarios. Definición e resolución do impacto dos novos proxectos nos labores de atención aos usuarios.* Elaboración do material de soporte da atención aos usuarios de aplicacións, sistemas, procedementos ou procesos, tarefas e das súas integracións.* Definición e resolución do impacto das novidades normativas nos labores de atención aos usuarios.		Soporte técnico do primeiro nivel do CAU. Configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Revisión da instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Asistencia ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Formación ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Mantemento de postos de traballo, software de base e software de aplicación. Asistencia ao usuario en todas as áreas de xestión que estean a ser exercidas pola Administración Local en cada momento. Formación ao usuario en todas as áreas de xestión que estean a ser exercidas pola Administración Local en cada momento. Intermediación entre usuarios e provedores. Elaboración de informes técnicos.	Soporte técnico do primeiro nivel do CAU. Configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Revisión da instalación e configuración de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Asistencia ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Formación ao usuario na utilización de equipamento, postos de traballo, software de base e software de aplicación. Mantemento de postos de traballo, software de base e software de aplicación. Asistencia ao usuario en todas as áreas de xestión que estean a ser exercidas pola Administración Local en cada momento. Formación ao usuario en todas as áreas de xestión que estean a ser exercidas pola Administración Local en cada momento. Intermediación entre usuarios e provedores. Elaboración de informes técnicos.	Configuración, programación, operación e administración do software de base e software de aplicación que conformen os sistemas de información e comunicacións. Xestión e operación da explotación dos sistemas de información e comunicacións. Elaboración de informes técnicos.	

*** Segundo o estándar metodolóxico vixente na área en cada momento.**

**** Inclúe todas as funcións de analista técnico e analista programador.**

***** Inclúe todas as funcións de analista programador.**

****** Funcións definidas por acordo plenario do 30 de novembro de 2007.**

******* Sistemas de información e comunicación xestionados pola Deputación e sistemas de información e comunicación nos que a Deputación estea integrada.”**

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á GARDA E CUSTODIA COMPARTIDA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida é unha constante nos países democráticos e un obxectivo primordial na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Igualmente, a Convención sobre os Dereitos do Neno, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Reino de España o 30 de novembro de 1990, obriga aos Estados a respectar o dereito dos nenos e as nenas a manter relacións persoais e contacto directo con ambos os dous proxenitores de modo regular.

Na actualidade miles de cidadáns españois, incluídos tamén miles de nenos e nenas, vense afectados por graves problemas tras a separación ou divorcio da parella. Segundo o Instituto de Política Familiar hoxe celébranse en España dous divorcios por cada tres matrimonios, e estímase que case a metade dos matrimonios que se contraen acaban, antes ou despois, en divorcio.

Isto quere dicir que a masa de poboación afectada é enorme. Con todo, as leis que regulan as rupturas matrimoniais están anticuadas e é necesario reformalas, pois producen graves prexuízos sobre todo nos menores, aos que non se lles garante o seu dereito máis elemental de continuar convivindo cos seus dous pais de forma igualitaria e alterna, converténdoo a miúdo en instrumento de arma arreboladiza ou en moeda de cambio para obter considerables beneficios materiais no proceso de divorcio.

Estas leis son normas dun pasado xa afastado, que non teñen en conta a transformación da sociedade española, na que a muller logrou incorporarse con forza ao mercado laboral e por tanto está en condicións de manter a súa autonomía.

Pola súa banda, os homes adoptaron un papel activo na crianza dos fillos, implicándose nos seus coidados desde o nacemento e preocúpanse pola súa educación, o seu benestar e o seu futuro.

En contra desa evolución social, as normas relacionadas co divorcio impoñen á muller a especialización na crianza dos fillos e en consecuencia son normas que entran en contradición coas políticas de igualdade e progreso que pretenden fomentar e consolidar o desenvolvemento profesional da muller.

Na actualidade o índice de contenciosidade na resolución das disolucións matrimoniais sitúase no 41%. Ademais, o actual modelo de divorcio impón, no 92% dos casos, que os fillos queden a cargo dun só proxenitor, mentres que o outro pasa a ter, a miúdo de modo imposto, un papel secundario e sen relevancia ningunha, o que co tempo, na maioría dos casos, trae consigo a desaparición dese referente na vida do menor.

A perda inxustificada dun dos pais supón un drama para calquera neno, drama que acaba producindo desequilibrios emocionais que arrastrará na súa adolescencia e na vida adulta.

As consecuencias deste sistema de gañadores e perdedores, lonxe de garantir o exercicio dos dereitos e deberes, incentiva o conflito no seo da familia, provocando a desaparición brutal dun proxenitor na vida dos seus fillos e dificultando enormemente a posibilidade de que o divorcio poida significar unha oportunidade real para refacer a vida dos adultos e ao mesmo tempo normalizar e harmonizar a vida dos menores cos seus dous pais.

Atendendo a criterios de dereitos dos nenos, así como de igualdade e corresponsabilidade dos proxenitores, son numerosos os países que introduciron a “Garda e custodia compartida ou responsabilidade parental compartida” na súa lexislación. Tal é o exemplo de Alemaña, Austria, Australia, Bélxica, Canadá, Dinamarca, EE.UU., Francia, Inglaterra e Gales, Italia, Portugal, República Checa, Suecia, Arxentina, Brasil, Colombia, Perú, Porto Rico...

Por outra banda, e como demostran as enquisas de opinión publicadas recentemente, así como as iniciativas lexislativas aprobadas en diversos concellos, parlamentos autonómicos, deputacións, xuntas xerais e Senado, a sociedade actual acepta e sitúase maioritaria e claramente a favor da “Garda e custodia compartida”, aínda que haxa falta de acordo entre os pais.

ACORDO

Esta Corporación provincial, sempre na súa obrigação de velar polo mellor interese dos menores e por reivindicar e defender os dereitos civís dos cidadáns adultos e nenos, onde son vulnerados, acorda:

1. No caso concreto do ámbito da responsabilidade provincial, esta Corporación comprométese a transmitir os valores de igualdade de corresponsabilidade parental que comportan a garda e custodia compartida, a todos os seus órganos, e moi especialmente, na Área de Igualdade e Servizos Sociais.
2. Solicitar ao Parlamento Galego e ás Cortes Xerais para que aborden as modificacións legais pertinentes no Dereito Civil galego e no Código Civil español, co obxectivo de considerar a custodia compartida como réxime preferente que adoptará o xuíz ou a xuíza nos casos de separación ou divorcio, a favor do interese superior do menor.
3. Comunicar este acordo á Xunta de Galicia, á presidenta do Parlamento galego e grupos parlamentarios, así como ao presidente do goberno español, presidente do Parlamento español e grupos parlamentarios.

OoO